

MEMORIA

Área de Emprego e Emprendemento

CURSO 24/25

e evolución dalgún dos resultados ao longo
dos últimos cursos académicos

Índice de contidos

OBXECTIVOS DA ÁREA DE EMPREGO E EMPRENDEMENTO.....	4 -
LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN.....	4 -
LIÑA ESTRATÉXICA 1. ORIENTACIÓN LABORAL	6 -
1.1.1. Resultados do curso académico 24-25.....	6 -
1.1.2. Evolución do servizo de asesoramento en orientación laboral	8 -
1.2.1. Resultados do curso académico 24-25.....	9 -
1.2.2. Evolución da asistencia as xornadas de captación de talento	9 -
LIÑA ESTRATÉXICA 2: INTERMEDIACIÓN LABORAL	10 -
2.1.2. Evolución do xestión e publicación de ofertas de emprego.....	11 -
2.2.1. Resultados do curso académico 24-25	12 -
2.2.2. Evolución da xestión e publicación de bolsas de formación.....	12 -
2.4.1. EMPREGOinCAMPUS VIGO.....	14 -
2.4.2. EMPREGOinCAMPUS OURENSE:.....	15 -
2.4.3. EMPREGOinCAMPUS PONTEVEDRA.....	16 -
LIÑA ESTRATÉXICA 3: FORMACIÓN PARA O EMPREGO	18 -
Acción 3.1. Charlas e accións formativas propias	18 -
3.1.1 Charlas a demanda nos centros.....	18 -
3.1.2. Xogos do emprego. Novidade.....	19 -
3.1.3 Programa “videotalentum” e elaboración do videocv	22 -
LIÑA ESTRATÉXICA 4: APOIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS, ESTADÍAS DE TRABALLOS DE FIN DE ESTUDOS E XESTIÓN DE PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE PRÁCTICAS.....	24 -
Acción 4.1 Apoio na xestión das prácticas académicas externas do alumnado da uvigo.....	24 -
Acción 4.3 Xestión de prácticas de programas específicos.....	31 -
Acción 4.4 Apoio na xestión das prácticas inversas de alumnado externo.....	36 -
LIÑA ESTRATÉXICA 5: EMPRENDEMENTO	36 -
Acción 5.1 Programa INCUVI	36 -
Acción 5.2 Servizo SUCEDE.....	43 -
Acción 5.3. Innovación aberta: programa Colmea de Ideas.....	44 -
LIÑA ESTRATÉXICA 6. ACCIÓNS DE EMPREGABILIDADE TRANSFRONTEIRIZA	49 -
LIÑA ESTRATÉXICA 7. PROGRAMA ALUMNI-UVIGO	50 -
Acción 7.1 Captación de usuarios/as	51 -
Acción 7.2 Convocatoria de Premios Alumni Uvigo 2025.....	51 -
Acción 7.3 Celebración do IV Encontro Anual Alumni Uvigo	53 -
Acción 7.4 Convocatoria do programa de Mentoring Alumni Uvigo 2024	53 -
ACCIÓNS TRANSVERSAIS NAS QUE PARTICIPOU A AEE.....	54 -
8.1.1. Difusión dos servizos da aee nos centros.....	54 -
8.1.2. Colaboración no programa xuventude-mentoring.....	55 -
8.1.2. Comunicación	55 -

Índice de táboas

TÁBOA 1. Liñas estratéxicas funcionais desenvolvidas pola AEE e procedementos asociados.	- 5 -
TÁBOA 2. Perfil das persoas atendidas no servizo de orientación durante o curso académico 24-25.	- 7 -
TÁBOA 3. Número de entrevistas de orientación laboral por ámbito académico no curso académico 24-25.	- 7 -
TÁBOA 4. Número de entrevistas de orientación laboral por campus 24-25.levadas a cabo no curso 24-25.	- 7 -
TÁBOA 5. Número de entrevistas de orientación levadas a cabo ao longo últimos oito cursos académicos. * Ata o o curso académico 20-21, computábase o número de entrevistas e non o número de persoas atendidas polo que as cifras eran comparativamente inferiores as dos derradeiros cursos.....	- 8 -
TÁBOA 6. Número de ofertas de emprego publicadas por ámbito académico no curso académico 24-25.	- 10 -
TÁBOA 7. Número de ofertas de emprego publicadas ao longo dos últimos oito cursos académicos	- 11 -
TÁBOA 8. Número de bolsas de formación publicadas por ámbito académico no curso académico 24-25.	- 12 -
TÁBOA 9. Número de ofertas de emprego e bolsas publicadas ao longo dos últimos oito cursos académicos	- 12 -
TÁBOA 10. Número de persoas asistentes as mesas redondas sobre saídas profesionais organizadas como parte de EMPREGONinCAMPUS PONTEVERA no curso académico 24-25.....	- 16 -
TÁBOA 11. Número de persoas asistentes os obradoiros organizados como parte de EMPREGONinCAMPUS PONTEVERA no curso académico 24-25	- 16 -
TÁBOA 13. Número de charlas de formación para o emprego realizadas a petición dos centros no curso académico 24-25	- 18 -
Táboa 13.. Número e tipoloxía dos convenios asinados no curso académico 24-25.....	- 25 -
Táboa 14.. Localización das entidades que firmaron novos convenios no curso académico 24-25.....	- 26 -
Táboa 15. Tamaño das entidades que asinaron novos convenios no curso académico 24-25-	26 -
Táboa 16.. Actividade económica principal das entidades que firmaron novos convenios no curso académico 24-25	- 27 -
Táboa 17. Número de convenios asinados nos últimos oito cursos académicos	- 27 -
Táboa 18.. <i>Tipoloxía de convenios asinados nos últimos seis cursos académicos</i>	- 28 -
Táboa 19.. Localización das entidades que firmaron novos convenios TFG/TGM no curso académico 24-25	- 29 -
Táboa 20. Tamaño das entidades que asinaron novos convenios TFG/TFM no curso académico 24-25	- 30 -
Táboa 21. Actividade económica principal das entidades que firmaron novos convenios de TFG/TFM no curso académico 24-25	- 30 -
Táboa 22. <i>Entidades, servizos e centros educativos da Universidade de Vigo que acolleron estudantes en prácticas do Programa universitario para o emprego e a vida autónoma.</i>	- 31 -

Táboa 23. Tipoloxía das entidades de destino e titulación de orixe dos 15 estudantes que participaron no programa de Prácticas Campus rural nos meses de xuño-setembro do 2024-32 -	
Táboa 24. Tipoloxía das entidades de destino e titulación de orixe dos estudantes que participaron no programa de Prácticas da Fundación ONCE-CRUE no curso 24-25. ... - 33 -	
Táboa 25. Tipoloxía das entidades de destino e titulación de orixe dos estudantes que participaron no programa de Prácticas en Empresas Emerxentes no curso 24-25..... - 34 -	
Táboa 26. Tipoloxía das entidades de destino e titulación de orixe dos estudantes que participaron no programa de Prácticas en Empresas Emerxentes no curso 24-25..... - 35 -	
Táboa 27. Listado dos 9 proxectos beneficiarios da XIII edición do programa INCUVI EMPRENDE..... - 38 -	
Táboa 28. Calendario formativo da XIII edición do programa INCUVI EMPRENDE- 39 -	
Táboa 29. Listado dos 4 proxectos beneficiarios da IX edición do programa INCUVI AVANZA - 41 -	
Táboa 30. Listado dos Proxectos que atenderon do Servizo SUCEDÉ no curso..... - 44 -	
Táboa 32. Análise do rango de idade actual de usuarios da comunidade Alumni..... - 51 -	
Táboa 33. Procedencia do estudantado e das persoas recén egresadas que participaron no programa de Mentoring Alumni-UVigo durante o curso académico 24-25..... - 54 -	
Táboa 34. Localización dalgunha das charlas de información dos servizos da AEE impartidas polo seu persoal a ao longo do curso académico 24-25..... - 54 -	

Índice de figuras

FIGURA 1. Canle polo que as persoas usuarias coñeceron o servizo de orientación laboral - 8 -	
FIGURA 2. Evolución do número de entrevistas de orientación levadas a cabo ao longo dos últimos oito cursos académicos..... - 9 -	
FIGURA 3. Evolución do número de ofertas de emprego publicadas pola AEE nos últimos oito cursos académicos - 11 -	
FIGURA 4. Evolución do número das bolsas de formación publicadas nos últimos oito cursos académicos - 13 -	
FIGURA 5. <i>Puntuación promedio acadada nos 10 obradoiros que se impartiron como parte do programa INCUVI-EMPRENDE</i> - 40 -	

Obxectivos da Área de Emprego e Emprendemento

A finalidade que motivou a creación da Área de Emprego e Emprendemento (en adiante AEE) da Universidade de Vigo foi a de impulsar a empregabilidade e de ofrecer novas oportunidades de inserción laboral do estudiantado e das persoas tituladas da Universidade de Vigo. A finalidade que motivou a creación da Área de Emprego e Emprendemento (en adiante AEE) da Universidade de Vigo foi a de impulsar a empregabilidade e de ofrecer novas oportunidades de inserción laboral do estudiantado e, por ende, das persoas tituladas da Universidade de Vigo.

Para acadar este propósito, a AEE vela polo cumprimento de varios obxectivos, como seguen:

- Ofrecer un servizo personalizado de orientación laboral
- Facilitar a difusión de ofertas de emprego a entidades colaboradoras interesadas en captar talento entre o estudiantado e persoas egresadas
- Ofertar unha formación específica que axude a mellorar a empregabilidade do estudiantado
- Redactar a normativa das prácticas académicas externas, facilitar ferramentas para velar polo seu cumprimento e mellorar a eficiencia da súa xestión, a través de accións formativas entre o PDI e o PTXAS, entre outras medidas
- Desenvolver estratexias, accións e recursos que fomenten as competencias emprendedoras no estudiantado e poidan crear un valor engadido ao emprego
- Promover o emprego e a mobilidade transfronteiriza na euro-rexión Galicia-Norte de Portugal a través da cooperación co EURES T
- Dinamizar a comunicade Alumni-UVigo involucrando aos seus membros en accións específicas da Universidade.
- Apoiar na xestión doutras accións que vaian aliados cos obxectivos da AEE

Liñas estratéxicas de actuación

Ao fin de velar polo cumprimento dos obxectivos sinalados, a AEE desenvolve anualmente unha serie de accións que se agrupan en 7 liñas estratéxicas de actuación, e que se corresponden coas liñas básicas do orzamento da universidade, como seguen:

- Liña estratéxica 1: Orientación laboral e información de emprego
- Liña estratéxica 2: Intermediación laboral
- Liña estratéxica 3: Formación para o emprego
- Liña estratéxica 4: Prácticas externas
- Liña estratéxica 5: Emprendemento
- Liña estratéxica 6: Mobilidade transfronteiriza na euro-rexión Galicia-Norte de Portugal
- Liña estratéxica 7. Comunidade Alumni-UVigo
- Outras accións transversais

Un resumo das liñas estratéxicas de actuación e dos principais procedementos asociados poden consultarse na Táboa 1.

LIÑAS DE ACTUACIÓN DA ÁREA DE EMPREGO E EMPRENDEMENTO	
LIÑAS ESTRATÉXICAS	PROCEDEMENTOS/ACCIÓNS
1 Orientación laboral	1.1 Realizar entrevistas de orientación ás persoas interesadas
	1.2 Impartir sesións grupais de orientación laboral a demanda das distintas titulacións da UVigo
	1.3 Organizar xornadas de captación de talento na función pública
2 Intermediación laboral	2.1 Xestionar a plataforma de ofertas de emprego/prácticas (Job teaser)
	2.2 Tramitar as ofertas laborais presentadas polas entidades colaboradoras
	2.3 Tramitar as bolsas de formación practica presentadas polas entidades colaboradoras
	2.4 Manter o alta da Universidade de Vigo como axencia de colocación.
	2.5 Organizar e xestionar a organización de ferias de emprego
3 Formación para o emprego	3.1. Impartir charlas e formacións nos centros
	3.2 Xestionar formacións específicas
	3.3 Xestionar accións formativas de entidades externas
4 Prácticas externas e estadias de TFG/TFM	4.1 En materia de Prácticas Académicas Externas do alumnado da UVIGO:
	4.1.1 Manter actualizada a normativa /regulamento e instrucións) e velar polo se cumprimento
	4.1.2 Canalizar os datos do estudiantado en prácticas para a súa alta na SS
	4.1.3 Tramitar a sinatura dos convenios de cooperación necesarios
	4.1.4 Velar polo correcto funcionamento do aplicativo de xestión de prácticas curriculares
	4.1.5. Facilitar a documentación necesaria para a xestión das prácticas
	4.2 En materia de Estadias de TFG/TFM do alumnado da UVIGO
	4.2.1 Tramitar a sinatura dos convenios necesarios
	4.2.2 Facilitar a documentación necesaria para a xestión
	4.3 En materia de prácticas de programas específicos
	4.3.1. PRÁCTICAS CURRICULARES del título propio EMAU
	4.3.2. Programa de “BOLSAS PRÁCTICAS CAMPUS RURAL”
	4.3.3. Programa de “BOLSAS PRÁCTICAS FUNDACIÓN ONCE-CRUE”
	4.3.4. Programa “PRÁCTICAS EN EMPRESAS EMERXENTES”
	4.3.5. Programa de “BOLSAS PRÁCTICAS ALEN DO MIÑO”
	4.3.6. Programa de “BOLSAS PRÁCTICAS PARA TITULACIÓNS DO CAMPUS AUGA”
	4.4 En materia de prácticas formativas inversas do alumnado de centros externos
	4.4.1 Tramitar a sinatura dos convenios necesarios
	4.4.2 Facer seguimento do alumnado externo de acollida
5 Emprendemento e innovación	5.1 En relación co Programa INCUVI
	5.1.1 Preparar o borrador das Convocatorias para a súa aprobación polo servizo de bolsas
	5.1.2 Difundir a convocatoria entre a comunidade universitaria e alumní UVigo.
	5.1.3 Tramitar o desenvolvemento do proceso de selección dos beneficiarios do programa
	5.2 En relación ao servizo SUCEDE (Servizo Universitario de creación de empresas do estudiantado)
	5.2.1 Canalizar as solicitudes recibas e a súa resposta
	5.3 En relación co prorgama de innovación aberta COLMEA DE IDEAS
	5.3.1 Velar polo correcto funcionamento da plataforma
	5.3.2 Difundir o programa entre a comunidade universitaria e entidades colaboradoras
	5.4 En relación a participación noutros programas de emprendemento
	5.4.1. Participar no EIJE (Encontro Internacional de Jóvenes Emprendedores)
	5.4.2. Participar no SANTANDER-EXPLORER
	5.4.3. Participar na PONT-UP STORE
6 Mobilidade transfonteiriza	6.1 Como froito do proxecto de colaboración co EURES-T Galicia-Norte de Portugal
	6.1.1 Organizar e executar accións propostas no convenio
	6.1.2 Asistir ás reunións de coordinación coas outras entidades socias do proxecto
7 Comunidade Alumní-UVigo	7.1 Rexistrar, verificar e certificar ás persoas usuarias
	7.2 Redactar, difundir e xestionar a convocatoria anual de premios Alumní-UVigo
	7.3 Organizar o Encontro anual Alumní-UVigo
	7.4 Convocar, difundir e facer seguimento do servizo de mentoring Alumní-Uvgo
8 Outras accións	8.1 Impartir charlas informativas dos servizos pestados pola AEE nos centros docentes da UVigo
	8.2 Colaborar con outras entidades en proxectos vinculados a mellora da empregabilidade
	8.3 Manter canles de comunicación ca comunidade universitaria: Crear e actualizar as distintas listas de distribución, grupos de whatsapp, newsletters
	8.3.1. Crear e actualizar as distintas listas de distribución / grupos de whatsapp
	8.3.2. Envío de newsletters
	8.3.3. Redes sociais

TÁBOA 1. Liñas estratéxicas funcionais desenvolvidas pola AEE e procedementos asociados.

Liña Estratéxica 1. Orientación laboral

Como parte desta liña estratéxica desenvólvese dúas accións principais ao longo do curso académico:

- Acción 1.1 Servizo de asesoramento personalizado de orientación laboral
- Acción 1.2 Organización de xornadas de captación de talento na función pública

Acción 1.1. Servizo de orientación laboral (SOL) personalizado

O persoal técnico superior en orientación laboral da AEE realiza unha labor de asesoramento e información laboral personalizada para axudar ao estudantado e as persoas tituladas que o soliciten a desenvolver o seu itinerario persoal de busca de emprego. Para isto, axéndanse entrevistas de orientación coa persoa solicitante nas que se lle axuda a establecer o obxectivo profesional, identificar posibles entidades empregadoras e fontes de emprego, e se lles asesora nas ferramentas da busca de emprego (*currículum vitae*, cartas de presentación, protocolo para entrevistas de selección de persoal, probas psicotécnicas etc.). En moitas ocasións estas entrevistas se complementan con consultas por correo electrónico ou telefónicas.



Universidade de Vigo

Área de Emprego
e Emprendemento

1.1.1. Resultados do curso académico 24-25

Perfil das persoas entrevistadas. Ao longo deste curso académico asesorouse de maneira individualizada a 137 persoas das cales 77 eran estudantes e 60 egresadas (Táboa 2). A maioría das entrevistas foron realizadas a mulleres (55%) cun total de 76 entrevistas, e un total de 61 a homes (45%) (Táboa 2). Aínda que a maioría das persoas usuarias do SOL asisten a una sesión, un 10% solicitaron unha segunda sesión. En relación coa modalidade das entrevistas, 45 foron presenciais, 40 telemáticas e 52 foron consultas por correo electrónico (*e-mail*).

Dentro do total das persoas atendidas realizouse asesoramento en materia de currículo a 42 persoas por mor da súa participación no Programa Mentoring Alumni-UVigo (ver Liña estratéxica 7).

Sexo	Total		Situación actual		Grao	Mestrado
Mulleres	76	55%	Estudantes	77	61	16
Homes	61	45%	Egresados/as	60	55	5
Total	137					

TÁBOA 2. Perfil das persoas atendidas no servizo de orientación durante o curso académico 24-25.

Formación académica das persoas entrevistadas. A análise dos datos das persoas atendidas nas entrevistas diferenciada por ámbito e sexo reflicte que a maioría das persoas entrevistadas pertencían aos graos do ámbito Xurídico-Social (34,3%) seguido do ámbito tecnolóxico (21,9,7%) (Táboa 3), case todas mulleres. O estudantado do ámbito Arte e Humanidades(8%) e do ámbito científico (16,1%) estivo algo menos representado (Táboa 3). En menor medida, houbo entrevistas a persoas con estudos de Mestrado (17%) (Táboa 3). Atendendo os campus, o maior número de solicitudes do servizo de orientación laboral (SOL) recibíronse do campus de Vigo, cun 75% das persoas usuarias pertencentes a ese campus (Táboa 4).

ÁMBITO DE COÑECEMENTO	ANO 24-25					
	ESTUDANTES	%	EGRESADOS	%	TOTAL	%
Graos - Arte e Humanidades	9	11,7	2	3,3	11	8,0
Graos - Científico	9	11,7	13	21,7	22	16,1
Graos - Tecnolóxico	20	26,0	10	16,7	30	21,9
Graos - Xurídico-Social	27	35,1	20	33,3	47	34,3
Graos - Ciencias da Saúde	1	1,3	0	0,0	1	0,7
Mestrados - Arte e Humanidades	1	1,3	0	0,0	1	0,7
Mestrados - Cc Sociais e Xurídico	5	6,5	9	15,0	14	10,2
Mestrados-Ámbito Científico	3	3,9	6	10,0	9	6,6
Mestrados Ámbito Tecnolóxico	2	2,6	0	0,0	2	1,5
Total	77	100	60	100	137	100

TÁBOA 3. Número de entrevistas de orientación laboral por ámbito académico no curso académico 24-25.

Campus	ANO 24-25	
	Entrevistas	%
Ourense	22	16,1
Pontevedra	13	9,5
Vigo	102	74,5
Total	137	100

TÁBOA 4. Número de entrevistas de orientación laboral por campus 24-25.legadas a cabo no curso 24-25.

Resultados das enquisas de satisfacción. A enquisa de satisfacción do servizo de orientación laboral revelou que o 84% das persoas que a contestaron considerou que a cualificación global do servizo foi moi boa. O resto das persoas atendidas (16 %) indicou que o servizo foi bo.

Canles de acceso ao Servizo de orientación laboral. Outro dos resultados das enquisas de satisfacción do servizo de orientación laboral foi que o 33% das persoas que desfrutaron deste servizo indicaron que o coñeceron a través da páxina web da Área (Fig. 1), e menos dun 10% afirmou coñecer este servizo polas RRSS, sendo o segundo canle de coñecementos (20% dos usuarios) o boca -orella (Fig. 1).




FIGURA 1. Canle polo que cas persoas usuarias coñeceron o servizo de orientación laboral

1.1.2. Evolución do servizo de asesoramento en orientación laboral

No curso 2017/2018 leváronse a cabo case 80 entrevistas de orientación laboral. No pasado curso académico, e tendo en conta o número de persoas atendidas e non o número de actuacións, esta cifra aumentou en mais dun 60% (Táboa 5, Fig. 2).

Curso académico	Nº entrevistas*
2017/2018	79
2018/2019	74
2019/2020	29
2020/2021	26
2021/2022	67
2022/2023	135
2023/2024	130
2024/2025	137

TÁBOA 5. Número de entrevistas de orientación levadas a cabo ao longo últimos oito cursos académicos. * Ata o o curso académico 20-21, computábase o número de entrevistas e non o número de persoas atendidas polo que as cifras eran comparativamente inferiores as dos derradeiros cursos




FIGURA 2. Evolución do número de entrevistas de orientación levadas a cabo ao longo dos últimos oito cursos académicos

Acción 1.2. Xornadas de captación de talento na función pública

1.2.1. Resultados do curso académico 24-25

Está acción acolle a organización, difusión e xestión dun ciclo de catro sesións que se realizaron no mes de novembro do ano 2024, promovidas xunto coa Facultade de Dirección e Xestión Pública co seguinte cronograma:

- 8 de novembro ás 10:00: Posibilidades de emprego público en institucións da Unión Europea e apoio da REPER. Consellos para enfrontarse a un proceso de selección e para preparar unhas oposicións para as institucións europeas (EPSO).
- 15 de novembro ás 15:30: A Comisión Europea e as embaixadas da Unión Europea no mundo. Oportunidades profesionais.
- 22 de novembro ás 10:00: Oportunidades de emprego na Dirección Xeral do Catastro.
- 24 de novembro ás 12:00: Plan de captación de talento da Administración Xeral do Estado.

En total, rexistráronse 100 persoas a este ciclo de *webinars*.

1.2.2. Evolución da asistencia as xornadas de captación de talento

Dende o curso 23/24 o número de persoas que participou nestas Xornadas foi de 123 persoas

Liña estratéxica 2: Intermediación Laboral

Co obxectivo de realizar accións de Intermediación laboral para que ás entidades externas poidan captar talento entre o estudiantado e as persoas egresadas, as accións principais acometidas ao longo do curso académico 24-25 foron as seguintes:

- Acción 2.1. Xestión e publicación de ofertas laborais
- Acción 2.2. Xestión e publicación de bolsas de formación práctica
- Acción 2.3. Xestión da Universidade de Vigo como Axencia de colocación.
- Acción 2.4. Organización das feiras de emprego.

Acción 2.1 Xestión e publicación de ofertas de emprego

2.1.1. Resultados do curso académico 24-25

Durante o curso académico 24-25, no portal de emprego xestionado pola Área de emprego e emprendemento tramitáronse un total de 314 ofertas de emprego, cun promedio de 26 ofertas publicadas por mes (Táboa 6).

Seguindo a tendencia habitual, as ofertas de emprego máis numerosas foron do ámbito tecnolóxico, cun total de 136 ofertas (43%), seguido do ámbito Xurídico Social con 101 ofertas (32%) (Táboa 6). Tamén foi bastante representativo o número das ofertas dirixidas ao ámbito das Ciencias da saúde con 25 ofertas para persoas con titulación en Enfermaría ou Fisioterapia (8%). Para o ámbito Científico publicáronse 11 ofertas (4%) e outras 12 ofertas que podían ser titulacións tanto do ámbito Científico como do Tecnolóxico (4 %). Para ofertas que podían ser titulacións tanto do ámbito Xurídico Social como do ámbito de Artes e Humanidades publicáronse un total de 10 ofertas (3%) Ademais, neste curso académico se publicaron 10 ofertas catalogada como de “Traballo ocasional”, de carácter temporal e xornada non completa, ás que non se esixen unha titulación universitaria.

Ámbitos de coñecemento	Ofertas de Emprego	
	Nº	%
Tecnolóxico	136	43%
Xurídico Social	101	32%
Ciencias da Saúde	25	8%
Xurídico Social -Tecnolóxico	12	4%
Científico	11	4%
Traballo Ocasional	10	3%
Xurídico Social- Artes e Humanidades	10	3%
Tecnolóxico - Científico	4	1%
Multidisciplinar	3	1%
Xurídico social - Científico	2	1%
Total	314	(26 / mes)

TÁBOA 6. Número de ofertas de emprego publicadas por ámbito académico no curso académico 24-25.

2.1.2. Evolución do xestión e publicación de ofertas de emprego

O total do número de publicacións de ofertas de emprego estase a manter constante nos últimos catro anos, habendo diferencias entre o promedio de ofertas publicadas nestes catro últimos anos (promedio $\pm$ SD = 346 $\pm$ 117) e as publicadas nos catro anos anteriores (promedio $\pm$ SD = 190 $\pm$ 81), que foron case a metade (Táboa 7, Fig. 3).

Esta diferenza podería atribuírse a dous causas principais, por un lado o uso da plataforma *Career center* de JobTeaser como portal de emprego dende o curso 21/22 e por outro a maior difusión das ofertas a través dos canles de comunicación da AEE a través das cales se promove tanto que as entidades externas poidan captar talento procedente da Uvigo como que o alumnado presente as súas candidaturas (ver resumo do uso das RRSS na liña estratéxica 8)

CURSO ACADÉMICO	Nº OFERTAS
2017-2018	188
2018-2019	217
2019-2020	184
2020-2021	172
2021-2022	397
2022-2023	368
2023-2024	305
2024-2025	314

TÁBOA 7. Número de ofertas de emprego publicadas ao longo dos últimos oito cursos académicos




FIGURA 3. Evolución do número de ofertas de emprego publicadas pola AEE nos últimos oito cursos académicos

Acción 2.2 Xestión de bolsas de formación Práctica

2.2.1. Resultados do curso académico 24-25

No curso académico 24-25 xestionáronse un total de 94 bolsas de formación práctica (non realizadas baixo o Convenio de cooperación educativa da Universidade de Vigo). Os ámbitos con maior número de bolsas ofertadas foron o ámbito Tecnolóxico, con 39 ofertas (41%), e o Xurídico-Social con 36 bolsas (38%) (Táboa 8).

Ámbitos científicos	Bolsas de formación práctica	
	Nº	%
Tecnolóxico	39	41%
Xurídico Social	36	38%
Xurídico Social -Tecnolóxico	10	11%
Tecnolóxico - Científico	4	4%
Artes y Humanidades	3	3%
Ciencias da Saúde	2	2%
Total	94 (8 / mes)	

TÁBOA 8. Número de bolsas de formación publicadas por ámbito académico no curso académico 24-25.

2.2.2. Evolución da xestión e publicación de bolsas de formación

Ainda que o número de bolsas de formación publicadas foi lixeiramente superior nos últimos catros anos (promedio $\pm$ SD = 81 $\pm$ 19 ao longo do período 2017-2021 e 117 $\pm$ 41 ao longo do período 2021-2024), as diferencias non foron tan notables como no caso das ofertas de emprego (Táboa 9, Fig. 4).

CURSO ACADÉMICO	Nº BOLSAS
2017-2018	88
2018-2019	93
2019-2020	65
2020-2021	76
2021-2022	119
2022-2023	164
2023-2024	92
2024-2025	94

TÁBOA 9. Número de ofertas de emprego e bolsas publicadas ao longo dos últimos oito cursos académicos




FIGURA 4. Evolución do número das bolsas de formación publicadas nos últimos oito cursos académicos

Acción 2.3. Xestión da alta a Universidade de Vigo como axencia de colocación.

Ainda que UVIGO está autorizada como Axencia de Colocación (Axencia 1200000121) dende Abril de 2023, non estamos en disposición de enviar ningún informe cos indicadores de eficacia requiridos atendendo o RD 1796/210, de 30 de decembro, á espera de formalizar o proceso de inter-operabilidade entre Administracións, para poder verificar os datos necesarios do estudantado da UVIGO rexistrado.

Acción 2.4. Organización das Feiras de Emprego EMPREGOinCAMPUS

Coa finalidade de multiplicar as oportunidades laborais do estudantado e persoas tituladas, e poñerlles en contacto coas persoas responsables dos procesos de selección de entidades de moi diversos sectores, a AEE, en colaboración coas Vicerreitorías dos campus e coas escolas e facultades, organizan as feiras de emprego en distintas épocas do ano e ubicacións nos campus universitarios.

A cuarta edición da **feira EMPREGOinCAMPUS** celebrouse un ano mais nos tres campus da UVIGO. Estes eventos organizáronse dende Área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo (Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade) e ca colaboración das Facultades e escolas situadas nos tres campus. Ademais, contouse co apoio económico de:

- Consello Social da Universidade de Vigo
- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
- Ministerio de Trabajo y Economía Social, ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal
- Vicerreitoría do campus de Ourense
- Vicerreitoría do campus de Pontevedra

Acceso a web da feira: <https://feirasdeemprego.webs.uvigo.es/emprego-in-campus-vigo/>

En total, na feira participaron máis de 93 entidades e, entregáronse 1.668 CVs. As datas, localizacións e datos de participación das feiras foron as seguintes:

2.4.1. EMPREGOinCAMPUS VIGO

Desenvolveuse o día 3 de abril do 2025 na facultades de CC Económicas e Empresariais e na Facultade de CC Xurídicas e do Traballo.

Número de entidades participantes: 50

Número de estudantes/egresados: 447



Resultados das enquisas de satisfacción. -A enquisa de satisfacción da asistencia a feira en Vigo, por parte das empresas participantes, revelou que a metade das entidades participantes que a contestaron (50%) quedou “moi satisfeitas” e outra metade “satisfeito” ca organización da feira. En canto os perfís de estudantes, o 70% das entidades quedou “satisfeito” ca actitude do estudantado e o 30% “moi satisfeito”. En canto a calidade dos seus CV, o 60% das entidades quedou “moi satisfeito” cos CVs recibidos, un 30% “satisfeito” e so un 10% “insatisfeito”. A puntuación media torgada a feira foi dun 4,3 puntos sobre 5.

Mediateca:

- VIDEO RESUMO: [UVIGO TV](#)
- EMPREGOinCAMPUS. Xeral: [DUVI/ XORNAL 21](#)
- EMPREGOinCAMPUS VIGO: [LA VOZ DE GALICIA](#)

2.4.2. EMPREGOinCAMPUS OURENSE:

Desenvolveuse no pavillón universitario de deportes o día 9 de abril do 2025.

Número de entidades participantes: 43

Número de estudantes/egresados: 292



Resultados das enquisas de satisfacción. A enquisa de satisfacción da asistencia a feira por parte das empresas participantes en Ourense revelou que o 47% das entidades que a contestaron quedaron “moi satisfeito” o 42% “satisfeito” e houbo un 11% que manifestou estar “insatisfeita” ca organización da feira. En canto os perfís de estudantes, o 58% das entidades quedou “moi satisfeito” ca actitude do estudantado, o 21% “satisfeito” e o 21% “insatisfeito”. En canto a calidade dos seus CV, 11% das entidades quedou “moi satisfeito” cos CVs recibidos, un 58% “satisfeito” e so un 31% “insatisfeito”. Este resultado pon de manifesto a necesidade de formar ao alumnado na creación dun CV de calidade. A puntuación promedio outorgada a feira foi dun 4 puntos sobre 5.

Mediateca:

- EMPREGOinCAMPUS. Xeral: [DUVI](#)
- EMPREGOinCAMPUS OURENSE. [Comunicado Xunta de Galicia](#)

2.4.3. EMPREGOinCAMPUS PONTEVEDRA

A edición da feira de emprego en Pontevedra desenvolveuse na modalidade de “mesas redondas” sobre saídas profesionais por ámbito dende o 23 ao 27 de setembro de 2024 na Facultade de Fisioterapia, Facultade de Ciencias da Educación e do deporte, Escola de Enxeñaría Forestal, Facultade de Comunicación e Facultade de Dirección e Xestión Pública (**Táboa 10**). En total, nestas mesas redondas participaron 22 entidades externas e 189 estudantes e recién egreesados (**Táboa 10**). Previo á feira organizáronse unhas sesións centradas na preparación do currículo e portfolio e dunha entrevista de traballo que se completaron con un obradorio e concurso de Upcycling téxtil, a xeración de novos produtos a partir de excedentes, dirixida principalmente ao alumnado de Belas Artes / Deseño de moda (**Táboa 11**).

CENTRO	Nº asistentes
Facultade de Fisioterapia	40
Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	12 Educación 30 Deporte
Escola de Enxeñaría Forestal	35
Facultade de comunicación	40
Facultade de Dirección e Xestión Pública	32

TÁBOA 10. Número de persoas asistentes as mesas redondas sobre saídas profesionais organizadas como parte de EMPREGONinCAMPUS PONTEVEDRA no curso académico 24-25.

TÍTULO	LUGAR	Nº ASISTENTES	DATA
Aprendo a crear o meu portfolio profesional	Fac. de Belas Artes	8	07/05/2024
Obradoiro e concurso de Upcycling téxtil		24	13/05/2024

TÁBOA 11. Número de persoas asistentes os obradoiros organizados como parte de EMPREGONinCAMPUS PONTEVEDRA no curso académico 24-25

Mediateca:

- EMPREGOinCAMPUS. Xeral: [DUVI](#)
- EMPREGOinCAMPUS PONTEVEDRA (accións formativas previas). [DUVI](#)
- EMPREGOinCAMPUS PONTEVEDRA. [DUVI](#)



23 de setembro

Facultade de Fisioterapia
Aula magna

16.00 h *O emprego no ámbito hospitalario*

- Carlos Cáceres Serrano. Hospital Ribera Povia
- Sibila Esther Sánchez Radío. Servizo de enfermaría da área sanitaria de Pontevedra e do Salnés
- María Veiga Rodríguez. Directora territorial de enfermaría de Quiron Salud

18.30 h *O emprego en clínicas privadas*

- Hugo Ogando Berea. Clínicas ON
- Xoel Hermelo Lemos. Saúde Sport

24 de setembro

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
Sala de graos

16.00 h *O emprego no ámbito da educación*

- Consuelo Rivera Secane. Directora do CFR de Vigo
- Carmen Quinteiro Moreno. CEIP Xunqueira I
- José María Alén de la Torre. Inspector de Educación

18.00 h *O emprego no ámbito do deporte*

- José Manuel Amado Abelenda. Presidente del Clúster Galego da Industria do Deporte e o Benestar
- José Benito Pastoriza Agulla. Socio fundador de Marexada S.L.
- Henrique Xoan Rodríguez Pantín. Presidente do COLEF

25 de setembro

Escola de Enxeñaría Forestal
Sala de xuntas

10.00 h *Aproximación as demandas serais do sector forestal*

- Mercedes Rois. Directora da Área de Innovación Forestal da Axencia Galega da Industria Forestal – XERA
- Xaime Óscar Iglesias Pérez. Decano do Colexio Oficial da Enxeñaría Forestal de Galicia

12.00 h *O traballo da enxeñaría forestal nas empresas*

- Representante de Ence Energía y Celulosa
- Conchi Breña Casado. Directora de RRHH de Finsa S.A.
- Fermádo Pérez Rodríguez. CTO de Fôra Forest Technologies
- Francisco Abilleira González. Xerente de Redenor S.L.

Facultade de Comunicación
Entrada, planta baixa

16.00 h *Comunicación, publicidade e rpp*

- Xosé Luis Reza. Presidente do Clúster do Ecommerce de Galicia
- Álvaro Pérez Becerra. Presidente da Academia Galega do Audiovisual
- Uxía Caride Blanco. Xerente da Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI)
- Fernando Rodríguez de la Torre. Director de Con C de Comunicación y Briefing Galego

27 de setembro

Facultade de Dirección e Xestión Pública
Sala de xuntas

10.00 h *Dirección e xestión pública*

- Daniel Gómez Aragón. Delegado AEAT en Pontevedra
- Fernando Vicente Davila. Xefe da Área de Coordinación Xurídico-Administrativa e Asuntos Financeiros Xunta de Galicia
- Mar Caramés Moreira. Axente de Emprego do Concello de Vilagarcía

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
Casa das Campás

20.00 h *Talento e superación "comezar, chegar e continuar"*

- Ana Montero Pacheco. Exnadaora olímpica
- Luis Taboada Villamil. CEO/Partner Qbitia
- Kiko da Silva. Autor e editor de banda deseñada

Liña estratéxica 3: Formación para o emprego

Co obxectivo de que o alumnado saque un maior rendemento as súas competencias, dende a AEE organizamos accións formativas ao longo do curso académico para promover a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a súa busca de emprego.

As principais accións desenvolvidas no curso académico 24-25 foron as seguintes:

- Acción 3.1. Charlas e accións formativas propias
 - Charlas e formacións nos centros
 - Xogos do Emprego
 - Obradoiro sobre elaboración dun VideoCurriculum e programa VideoTalentum
- Acción 3.2. Accións formativas promovidas por entidades externas

Acción 3.1. Charlas e accións formativas propias

3.1.1 Charlas a demanda nos centros

A petición dalgunhas facultades e escolas da Universidade de Vigo, durante o curso 24-25, realizáronse 9 charlas/obradoiros co fin de presenta e difundir os distintos servizos que presta Área de Emprego e Emprendemento e promover unha busca de emprego máis eficaz no estudantado dos últimos cursos. En total participaron de forma presencial 167 estudantes (Táboa 13).

TÍTULO	CENTRO	Nº PARTIPANTES
Orientación de cara a inserción no mercado laboral. Rede Eures	Facultade de Educación e Traballo Social	60
O cv e a carta de presentación	Escuela Universitaria de Enfermería Povisa	50
Habilidades para o emprego (online)	Facultade de Dirección e Xestión Pública	10
Actívate: Estratexias para a búsqueda de emprego	Grao en Xeografía e Historia	Vídeo na web da titulación
O patrimonio cultural como xacemento de emprego	Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	Charla online (31/10/24)
Obradoiro Curriculum Vitae; atopa un traballo a túa medida	Título Propio Formación para o Emprego e a Vida Autónoma - Campus de Vigo	9
“Amor no STAND” Como ter éxito no teu primeiro contacto profesional. Campus Ourense	Estudantes e egresados/as da UVigo	27/03/2025 Presencial 31
Obradoiro Curriculum Vitae; atopa un traballo a túa medida	Título Propio Formación para o Emprego e a Vida Autónoma - Campus de Ourense	6
Obradoiro inclusivo Como entender a nómina e información laboral básica	Título Propio Formación para o Emprego e a Vida Autónoma - Campus de Vigo e demais titulacións da UVigo	21

TÁBOA 12. Número de charlas de formación para o emprego realizadas a petición dos centros no curso académico 24-25

3.1.2. Xogos do Emprego. **NOVIDADE**

Os xogos do emprego son un conxunto de probas, dinámicas e divertidas, encadradas dentro do programa “Pasaporte de empregabilidade da Área de Emprego e Emprendemento (AEE)”, na que o estudiantado dos tres campus poido gañar consciencia do nivel de coñecemento posuído sobre os servizos e programas que se ofrecen dende a AEE enfocados na difusión de actividades e competencias de mellora da busca de emprego. O obxectivo desta actividade foi dar a coñecer, de unha forma lúdica e participativa, os distintos programas que desenvolve a AEE e por a proba o nivel de coñecementos que cada estudante posúe sobre a busca activa de emprego para motivar a necesidade de formarse nas habilidades necesaria para realizar unha busca eficaz.

A túa viaxe comeza aquí!

OS XOGOS DO EMPREGO

da UVigo

Se participas nas actividades, entras nun sorteo dun voo en parapente

Área de Emprego
e Emprendemento
Universidade de Vigo

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

SEPE

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU



**CAMPUS
VIGO**

16 de setembro de 2024
10.30 a 13.00 h
Edificio de Ciencias Experimentais

26 de setembro de 2024
10.30 a 13.00 h
Facultade de Comercio

30 de setembro de 2024
10.30 a 13.00 h
Facultade de Filoloxía e Tradución

01 de outubro de 2024
10.30 a 13.00 h
Facultade de Ciencias Xurídicas
e do Traballo

02 de outubro de 2024
10.30 a 13.00 h
Escola de Enxeñería Industrial

03 de outubro de 2024
10.30 a 13.00 h
Facultade de Ciencias
Económicas e Empresariais

Universidade de Vigo

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMPREENDEMENTO

SEPE

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

Participación do alumnado: o número de estudantes que participaron nestas actividades en cada campus foron os que seguen :

- Campus de Ourense: 182 estudantes
- Campus de Pontevedra: 241 estudantes
- Campus de Vigo 468 estudantes.

Mediateca:

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/milleiro-estudiantes-participaron-ultimas-semanas-xogos-empregoDUVI>
- https://www.linkedin.com/posts/maruxaalvarez_hoxe-os-xogos-do-emprego-da-uvigo-se-desplaza-activity-7244272785785597953-SFeN?utm_source=share&utm_medium=member_desktop&rcm=ACoAACIHh2QBYR8f4FHu3x30c2uqlBacHPaJsLINKEDIN





Acción 3.1.3 Programa “Videotalentum” e elaboración do VideoCV

VideoTalentum, é unha acción encamiñada a promover que un reducido grupo de estudantes e recién titulados/as universitarios/as realicen presentacións dos seus currículos ante empresas situadas en Galicia e Norte de Portugal. As 12 candidaturas participantes asistiron a unha formación en liña sobre a elaboración dun videocurrículum e que se realizou a través da plataforma Moovi con Pablo Osorio como docente.

As presentacións de candidaturas ante as entidades colaboradoras que manifestaron interese en participar neste programa fíxose utilizando unha plataforma específica que permite que os/as recrutadores poidan consultar os videos e diferenciar aos distintos perfís en poucos minutos.

[ENLACE Á PLATAFORMA](#) DO VIDEOTALENTUM NO EURES

VIDEO TALENTUM

Se te ven, VENdes te

Docente: Pablo Osorio



Do 4 ao 30 de novembro
de 2024
16.00-19.30 h
En liña a través de Moovi



Inscripción: Bubela
Do 28 de outubro
ao 15 de novembro



Universidade de Vigo

Área de Emprego
e Emprendemento



Acción 3.2. Colaboración en accións promovidas por entidades externas

Talent Day de Natuterra. O 21 de novembro do 2025 dende a AEE colaboramos ca organización do Talent Day promovida pola empresa NAUTERRA nas súas instalacións de Carballo.

A esta actividade asistiron 6 estudantes da Uvigo procedentes das seguintes titulacions:

- Grao en Enxeñaría informática (3)
- Grao en Bioloxía / Mestrado en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental (1)
- Grao en Química (1)
- Mestrado en Enxeñaría industrial (1)

MEDIATECA:

Liña estratéxica 4: Apoio para o desenvolvemento de prácticas académicas, estadias de traballos de fin de estudos e xestión de programas específicos de prácticas

Para o cumprimento dos obxectivos marcados, e como parte de esta liña estratéxica, a AEE desenvolveu as seguintes accións:

- Acción 4.1. En materia de Prácticas Académicas Externas do alumnado da UVIGO:
 - 4.1.1 Manter actualizada a normativa (regulamento e instrucións), velar polo seu cumprimento e facilitar a documentación para a xestión
 - 4.1.2 Canalizar os datos do estudantado en prácticas para a súa alta na SS
 - 4.1.3 Tramitar a sinatura dos convenios de cooperación educativa con entidades externas
 - 4.1.4 Velar polo correcto funcionamento da aplicación de convenios
 - 4.1.5 Velar polo correcto funcionamento da aplicación de xestión de prácticas curriculares
- Acción 4.2 En materia de Estadias de TFG/TFM do alumnado da UVIGO
 - 4.2.1 Tramitar a sinatura dos convenios necesarios
 - 4.2.2 Facilitar a documentación necesaria para a xestión
- Acción 4.3 En materia de prácticas formativas inversas do alumnado de centros externos
 - 4.3.1 Tramitar a sinatura dos convenios necesarios
 - 4.3.1 Facer seguimento do alumnado externo de acollida
- Acción 4.1. Tramitación de convenios de cooperación educativa con empresas e institucións de diferente ámbito de coñecemento
- Acción 4.2. Tramitación de convenios de colaboración para a realización de estadias vinculadas o desenvolvemento dos traballos de fin de estudos (TFG/TFM)
- Acción 4.3. Xestión de programas específicos de prácticas que xorden da colaboración con algunhas institucións.
- Acción 4.4. Mellora da plataforma de xestión das practicas académicas curriculares

Acción 4.1 Apoio na xestión das prácticas académicas externas do alumnado da UVIGO

4.1.1 Apoio no procedemento de alta do alumnado en prácticas na SS

Ao longo do curso 24/25 déronse 3.959 altas na SS.

4.1.2. Tramitación de convenios de cooperación educativa

4.1.2.1 Resultados do curso académico 2024-25

A Área de Emprego e Emprendemento ten encomendada a coordinación da xestión dos procedementos administrativos da sinatura dos convenios necesarios para a realización das prácticas externas académicas do estudantado da Universidade de Vigo. Baixo este contexto, a AEE serve de enlace entre as empresas e a Universidade na tramitación dos convenios de cooperación educativa que dean soporte xurídico ás estadias do estudantado. Esta actividade a realiza en coordinación cos centros (Facultades e escolas) e coa Fundación da Universidade de Vigo, órgano que ten encomendada a xestión das prácticas académicas extracurriculares.

Tipoloxía Convenios firmados entre 01/09/2024 a 31/08/2025	Nº Convenios	%
Convenios de cooperación educativa (ámbito nacional)	402	68%
Convenios de cooperación educativa (ámbito Internacional)	8	1%
Convenios recíprocos	4	1%
Convenios específicos	1	0%
Convenios Interuniversitarios	42	7%
Convenios inversos	31	5%
Acordos internos	106	18%
Total	594	

Táboa 13.. Número e tipoloxía dos convenios asinados no curso académico 24-25

Do total dos convenios asinados, case o 70% corresponderon a convenios de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas no ámbito nacional. Para formalizar prácticas en entidades colaboradoras no estranxeiro asináronse 8 convenios. Asináronse tamén 105 acordos internos (18%) para a realización de prácticas en servizos e dependencias da propia Universidade de Vigo. A diferenza dos convenios de cooperación educativa que son xenéricos e por validez de catro anos, os acordos internos soamente se asinan para o/a estudante que realiza as prácticas e se extingue en canto finaliza as prácticas.

Dos restantes convenios de prácticas, asináronse 42 convenios interuniversitarios (7%), dirixidos a estudos de Mestrado impartidos nas tres universidades galegas e 1 convenios específicos (0%) que, conforme a un modelo da Xunta ou dun Ministerio permite formalizar prácticas de certas titulacións como pode ser o Convenio coa Consellería de Sanidade que permite formalizar prácticas ao alumnado do Grao en Enfermaría en centros sanitarios públicos ou o Convenio coa Consellería de Educación que permite que o alumnado das titulacións que habilitan para a profesionalización da actividade docente podan realizar prácticas en centros educativos públicos.

Distribución xeográfica das institucións cas que se asinaron convenios.

Descartando os acordos internos asinados para poder formalizar prácticas en servizos e dependencias da Uvigo, asináronse convenios con 483 empresas/institucións. Case a metade das entidades (186) estaban situadas na provincia de Pontevedra (Táboa 14), un 25 % están na provincia de A Coruña, un 12% na provincia de Ourense e so un 2% (9 empresas) na provincia de Lugo. Fora do ámbito de Galicia, 29 empresas están situadas na Comunidade de Madrid (7%) e 5 da provincia de Barcelona (1%). Das restantes, 44 empresas encóntranse repartidas no resto do ámbito nacional e 7 no estranxeiro (2%). (Ver Táboa 14 para máis detalle).

Tamaño das entidades asinantes de convenios de cooperación.

Seguindo unhas porcentaxes case similares ao curso pasado, neste curso 24/25, asináronse 163 convenios con pequenas empresas, resultando a porcentaxe maior de entidades colaboradoras (38%), seguidas das medianas con 62 convenios (14%), fundacións e asociacións sen ánimo de lucro con 64 convenios (15%), administracións públicas con 50 convenios (12%) e dos autónomos con 58 convenios (13%). As porcentaxes minoritarias corresponden coas grandes empresas con 13 convenios (3%), as multinacionais con 15 convenios (3%) e as empresas familiares con 8 convenios (2%) (ver Táboa 15 para máis detalle).

Provincia	Nº Convenios	%
Pontevedra	219	45%
A Coruña	133	27%
Ourense	59	12%
Lugo	9	2%
Madrid	34	7%
Barcelona	7	1%
Outras provincias	20	4%
Estranxeiro	7	1%
Total	488	

Táboa 14.. Localización das entidades que firmaron novos convenios no curso académico 24-25

Tipo de empresa	Núm empresas asinantes	
Pequena (menos de 50 traballadores)	181	37%
Mediana (entre 50 e 500 traballadores)	80	16%
Grande (máis de 500 traballadores)	13	3%
Fundación / Entidade sen Ánimo de Lucro	64	13%
Empresa familiar	8	2%
Autónomo	60	12%
Administración pública	67	14%
Multinacional	15	3%
Total	488	

Táboa 15. Tamaño das entidades que asinaron novos convenios no curso académico 24-25

Actividade económica das institucións asinantes

As actividades económicas máis destacables das empresas que asinaron convenios de cooperación educativa ao longo do curso 2024-2025, foron as actividades profesionais, científicas e técnicas (25%), seguidas daquelas empresas que se dedican actividades sanitarias e de servizos sociais (10%), educación (9%), información e comunicación (9 %), actividades artísticas, recreativas e de entretemento (8%), outros servizos (8%) e administración pública (7%). (ver Táboa 16 para mais detalle).

Actividades económicas	Empresas asinantes	
Actividades administrativas e servizos auxiliares	10	2%
Actividades asociativas	13	3%
Actividades artísticas, deportivas, recreativas e de entretemento	19	4%
Actividades axencias viaxes	5	1%
Actividades aluguer, bibliotecas e outros	12	2%
Actividades financeiras e de seguros	3	1%
Actividades profesionais, científicas e técnicas	93	19%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	37	8%
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	71	15%
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	10	2%
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	18	4%
Educación	107	22%
Hostalaría	11	2%
Industria manufactureira	32	7%
Investigación e desenvolvemento; telecomunicacións	20	4%
Outros servizos	28	5%
Total	488	

Táboa 16.. Actividade económica principal das entidades que firmaron novos convenios no curso académico 24-25

4. 1.2.2 Evolución na tramitación de Convenios de Cooperación Educativa nos últimos cursos

Ao longo do curso 23/24 asináronse case 600 convenios, cifras similares as que se tiñan nos cursos anteriores a entrada en vigor da normativa que obriga a cotización na SS de todo o alumnado en prácticas académicas en xaneiro do 2024. Por isto, aínda que no curso 23/24 duplicáronse o número de convenios, isto foi debido a necesidade de sinatura de convenios novos que inclúen unha cláusula actualizada de cumprimento das obrigas da seguridade social do estudiantado (Táboa 17).

Curso académico	Convenios asinados nos últimos 8 cursos
2017/18	242
2018/19	326
2019/20	386
2020/21	657
2021/22	532
2022/23	529
2023/24	1217
2024/25	588

Táboa 17. Número de convenios asinados nos últimos oito cursos académicos

Atendendo á tipoloxía de convenios, pódese apreciar que se mantén a diversificación da tipoloxía de convenios asinados (Táboa 18). Ao igual que ocorreu o curso anterior, no último curso académico, tamén produciuse un incremento de acordos internos, os cales formalizan aquelas prácticas que fai o alumnado dun centro educativo nunha dependencia específica da universidade.

Tipoloxía Convenios asinados	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2021/22	2022/23	2023/24	2024/25
Cooperación educativa	224	302	358	519	457	350	1063	402
Prórrogas	0	4	4	47	32	116	12	-
Cooperación Educativa Internacionais	-	-	-	-	11	12	6	8
Interuniversitarios	13	15	17	66	17	28	28	42
Inversos	5	2	1	3	1	4	28	31
Acordos internos	0	3	6	22	14	19	80	105
Total	242	326	386	657	532	529	1217	588

Táboa 18.. *Tipoloxía de convenios asinados nos últimos seis cursos académicos*

4.1.3. Funcionalidade da aplicación de xestión das prácticas académicas curriculares

Ao longo dos cursos anteriores, dende a Área de Emprego e Emprendemento se traballou, xunto o equipo dos servizos informáticos, no desenvolvemento dunha aplicación informática de xestión de prácticas académicas externas.

No curso académico 2024-25, e tras as aprendizaxes realizadas sobre o seu funcionamento, introducíronse novas funcionalidades, resultado de diversas xuntanzas mantidas coas persoas coordinadoras e persoal das Unidades de Apoio a Centros e Departamentos.

DATA	CENTRO//CAMPUS	DESTINATARIOS
13/01/25	E.U. CEU Maxisterio - Vigo	Directora e Persoas Docente das titulación de Grado de Infantil e Primaria
11/03/25	Campus de Ourense	Persoal das Unidades de Apoio a Centros e Departamentos
26/05/25	Facultade de Bioloxía	Coordinadores/as de prácticas de todas as titulacións de Grao e Master adscritas a este centro

Así mesmo, continuouse ca labor de apoio a todas as persoas coordinadoras e titoras de prácticas que quixeran facer uso desta aplicación, preferentemente, a través do enderezo electrónico consultaspracticas@uvigo.gal. Durante o curso 2024/2025, recibíronse preto de 1.000 consultas.

Para manter informadas ás persoas coordinadoras de prácticas, titoras académicas e PTGAS implicadas na xestión administrativa das prácticas curriculares, organizáronse dúas sesións enliña para presentar as novas funcionalidades:

DATA	PERSOAS DESTINATARIAS	Número
16/07/25	Preferentemente PTGAS	45
23/07/25	Preferentemente PDI	32

Así mesmo actualizouse o manual sobre o seu funcionamento, engadindo instrucións e consellos sobre o uso das novas funcionalidades, e deseñouse outro manual sobre o 'Portal do Estudiante' que entrará en funcionamento no curso 2025-2026, que lle permitirá ao alumnado participar da xestión integral das súas prácticas desde a aplicación.

Acción 4.2 Tramitación de convenios de colaboración para a realización de estadías dos TFG/TFM

4.2.1. Resultados do curso académico 2024-25

No curso académico 24-25 promovéronse 57 convenios para formalizar as estadías en empresas que realiza algún alumnado como parte do seu traballo de fin de estudos, tanto de Grao como de Mestrado.

Provincia	Nº Convenios	%
Pontevedra	33	58%
A Coruña	9	16%
Ourense	7	12%
Lugo	1	2%
Outras provincias	7	12%
Total	57	

Táboa 19.. Localización das entidades que firmaron novos convenios TFG/TGM no curso académico 24-25

Case o 60% dos convenios tramitados para este fin se asinaron con entidades situadas na provincia de Pontevedra, o que pon en evidencia a necesidade de unha maior difusión desta iniciativa no campus de Ourense (Táboa 19). Asemesmo, case a metade dos convenios asináronse con empresas pequenas (menos de 50 traballadores) (Táboa 20), maioritariamente dedicadas a ofrecer servizos de educación (12%) e Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría, ensaios e análise técnicos (8%) (Táboa 21).

Tipo de empresa	Núm empresas asinantes	
Pequena (menos de 50 traballadores)	25	44%
Mediana (entre 50 e 500 traballadores)	15	26%
Grande (máis de 500 traballadores)	4	7%
Fundación / Entidade sen Ánimo de Lucro	2	4%
Autónomo	1	2%
Administración pública	7	12%
Multinacional	3	5%
Total	57	

Táboa 20. Tamaño das entidades que asinaron novos convenios TFG/TFM no curso académico 24-25

Actividades económicas	Empresas asinantes	
Actividades administrativas e servizos auxiliares	2	4%
Actividades de consultoría	1	2%
Actividades artísticas, deportivas, recreativas e de entretemento	2	4%
Actividades profesionais, científicas e técnicas	3	5%
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1	2%
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	1	2%
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	5	9%
Educación	12	21%
Fabricación vehículos de motor	7	12%
Industria de alimentación y química	4	7%
Investigación e desenvolvemento; telecomunicacións	4	7%
Programación, consultoría e outras actividades informáticas	4	7%
Servicios técnicos de arquitectura e enxeñaría, ensaios e análise técnicos	8	14%
Outros servizos	3	5%
Total	57	

Táboa 21. Actividade económica principal das entidades que firmaron novos convenios de TFG/TFM no curso académico 24-25

Acción 4.3 Xestión de Prácticas de programas específicos

Ademais dos programas de prácticas académicas externas xestionadas polos centros aos que pertencen as distintas titulacións (no caso de prácticas curriculares) ou pola Fundación da Universidade de Vigo (no caso das extracurriculares), a Área de Emprego e Emprendemento coordina as prácticas doutros programas impulsados, na maioría dos casos, por entidades externas colaboradoras (Mais info [AQUÍ](#)).

Os programas de prácticas que xestionou a AEE no curso académico 24/25 foron os seguintes:

- 4.3.1. PRÁCTICAS CURRICULARES del título propio EMAU: Programa universitario para o EMPrego e a vida AUTónoma
- 4.3.2. Programa de “BOLSAS PRÁCTICAS CAMPUS RURAL”
- 4.3.3. Programa de “BOLSAS PRÁCTICAS FUNDACIÓN ONCE-CRUE”
- 4.3.4. Programa “PRÁCTICAS EN EMPRESAS EMERXENTES”
- 4.3.5. Programa de “BOLSAS PRÁCTICAS ALEN DO MIÑO”
- 4.3.6. Programa de “BOLSAS PRÁCTICAS PARA TITULACIÓNS DO CAMPUS AUGA”

4.3.1. PRÁCTICAS CURRICULARES del título propio EMAU (Programa universitario para o EMPrego e a vida Autónoma)


Dende a AEE se ofreceu apoio técnico e soporte administrativo na organización e desenvolvemento das prácticas curriculares do título propio “EMAU-Programa universitario para o emprego e a vida autónoma”, financiado por a Fundación Adecco e a Deputación de Ourense, dirixido a persoas con Síndrome de Down e discapacidade intelectual, curso 2024-2025. Neste programa participaron 14 estudantes que realizaron as prácticas en diversas entidades colaboradoras durante 4 semanas cunha duración total de 100 horas. (Táboa 22).

ENTIDADES COLABORADORAS	Nº ESTUDANTES
Secretaría Xeral	2
Área de Benestar, Saúde e Deporte	1
Facultade de CC Empresariais e Turismo	1
Extensión Universitaria	1
Zendal	1
Kaleido	1
Círculo de Empresarios	1
Garrigues Abogados	1
FNAC	1
INORDE	1
Fundación EXPOURENSE	1
AV Xestión Integral	1
Xeitura	1
Nº TOTAL ESTUDANTES	14

Táboa 22. *Entidades, servizos e centros educativos da Universidade de Vigo que acolleron estudantes en prácticas do Programa universitario para o emprego e a vida autónoma.*

4.3.2. Programa de “BOLSAS PRÁCTICAS CAMPUS RURAL”

Este programa está promovido polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en colaboración co Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e a CRUE. Atendendo a convocatoria, no verán do ano 2025 desenvolveron as súas prácticas 11 estudantes da UVIGO en entidades ubicadas en concellos de menos de 5000 habitantes (Táboa 13).



O período de prácticas terá unha duración de 2 meses a 4 meses, e poderán desenvolverse, e o número de horas de colaboración será de 35 horas semanais, que poderá distribuír e compensar ata un 20% das horas de dedicación dun mes entre distintas semanas dentro do mesmo mes. A contía individual será como máximo de 1.000 euros/mes. Estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que establece a normativa vixente nestas materias.

O perfil do estudantado seleccionado e a entidade na que realizaron as prácticas queda reflexado na Táboa 23.

Nº ESTUDANTES	TITULACION (GRAO/PCEO/MESTRADO)	TIPO DE ENTIDADE
1	Grao en Bioloxía	Concello
1	Grao en Administración Dirección de Empresas	Concello
1	Grao en Economía	Concello
1	Grao en Bioloxía	Comunidade de Montes
2	PCEO Turismo-Xeografía e Historia	Concello
2	Grao en Dirección e Xestión Pública	Concello
1	Grao en Educación Social	Concello
1	Grao en Enxeñaría Forestal	Concello
1	Grao Educación Primaria	Agrupación

Táboa 23. Tipoloxía das entidades de destino e titulación de orixe dos 15 estudantes que participaron no programa de Prácticas Campus rural nos meses de xuño-setembro do 2024

[Convocatoria](#)

[Mediateca: Ourense](#)

4.3.3. Programa de “BOLSAS PRÁCTICAS FUNDACIÓN ONCE-CRUE”

Co fin de promover a mellora da empregabilidade e o futuro profesional das persoas estudantes universitarias de grao ou mestrado con necesidades especiais, a UVIGO e a Fundación ONCE publicaron, en réxime de concorrència competitiva, unha convocatoria de bolsas co obxectivo de facilitar o desenvolvemento de prácticas académicas externas dirixidas a este colectivo. O equipo técnico da AEE é a unidade da UVIGO encargada de buscar as empresas/entidades máis adecuadas para a realización das prácticas das persoas seleccionadas, atendendo o seu perfil (estudos, intereses profesionais, adaptación do posto á discapacidade...), e previa realización dunha entrevista de orientación laboral.



As prácticas tiveron unha duración semanal de 25 horas e desenvóléronse ao longo de 3 meses, segundo as bases da convocatoria publicada. O importe da bolsa ascende a un máximo de 600 € euros brutos mensuais. Estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza na normativa vixente nestas materias.

O perfil do estudantado seleccionado e a entidade na que realizaron as prácticas queda reflexado na (Táboa 24).

Nº ESTUDANTES	TITULACION	Tipo de entidade
1	Grao en Comercio	Empresa
1	Grao en Enxeñaría Informática	Administración Pública
1	Grao en Fisioterapia	Empresa

Táboa 24. Tipoloxía das entidades de destino e titulación de orixe dos estudantes que participaron no programa de Prácticas da Fundación ONCE-CRUE no curso 24-25.

4.3.4. Programa “PRÁCTICAS EN EMPRESAS EMERXENTES”. **NOVIDADE**

O obxecto desta convocatoria é fomentar a cultura emprendedora no estudantado universitario a través da realización de prácticas académicas, curriculares ou extracurriculares, nunha iniciativa empresarial de recente creación, de modo que poidan ver o emprendemento como unha oportunidade para o desenvolvemento do seu futuro profesional.

O período de prácticas terá unha duración de 2 meses, e o número de horas de colaboración será de 30 horas semanais, que poderá distribuír e compensar ata un 30% con horas de carácter non presencial. A contía individual será de 795 €/mes, a cal estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza na normativa vixente nestas materias.

As prácticas xestionadas foron 9, distribuídas por titulación y tipo de entidade como se amosa na Táboa 25:

TITULACION (GRAO/PCEO/MASTER)
Grao en Belas Artes
Grao en Enxeñaría Informática
Grao en Intelixencia Artificial
Grao en Bioloxía
Grao en Enxeñaría Informática
Grao en Comercio
Grao en Educación Infantil
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
Mestrado Universitario en Biotecnoloxía Avanzada

Táboa 25. Tipoloxía das entidades de destino e titulación de orixe dos estudantes que participaron no programa de Prácticas en Empresas Emerxentes no curso 24-25.

4.3.5. Programa de “BOLSAS PRÁCTICAS ALEN DO MIÑO”

O obxecto desta convocatoria é fomentar a formación transfronteiriza do estudantado da Universidade de Vigo, a través da realización de prácticas académicas, curriculares ou extracurriculares, nunha entidade externa con sede en Portugal. As axudas, financiadas por EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, perseguen sufragar parte dos gastos ocasionados pola mobilidade desde o lugar habitual de residencia do estudantado que participe na convocatoria.

O período de prácticas do programa tivo unha duración máxima de 2 meses, e a dedicación foi acordada entre a entidade e o estudantado cun número mínimo de 25 horas semanais das que, cando foi necesario e para facilitar o carácter transfronteirizo das prácticas, poderán desenvolverse con carácter non presencial un máximo do 30% da dedicación semanal. A contía individual foi dun máximo de 900€/mes a cal estivo suxeita ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza a normativa vixente nesta materia. Máis info: <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/empleabilidad/programas-especificos-practicas>

Neste curso se seleccionou 1 práctica dun estudante do grao de Enxeñaría Química Industrial



Universidade de Vigo

Área de Empleo
e Emprendemento



4.3.6. Programa de “BOLSAS PRÁCTICAS PARA TITULACIÓNS DO CAMPUS AUGA” **NOVIDADE**

O obxecto desta convocatoria é potenciar a empregabilidade do estudantado das titulacións do Campus Auga, a través das prácticas remuneradas en empresas. O período de prácticas terá unha duración entre 2 e 3 meses, e a dedicación será de 25 horas semanais das que, cando sexa necesario, poderán desenvolverse con carácter non presencial un máximo do 30% da dedicación semanal. A contía individual será como máximo de 600€/mes. Estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza na normativa vixente nestas materias.

As prácticas xestionadas co apoio das persoas coordinadoras da materia de prácticas curriculares, foron 10, distribuídas entre alumnado de distintas titulacións (Táboa 26).

Nº ESTUDIANTES	TITULACION	Tipo de entidade
1	Mestrado Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental	Organización empresarial
2	Grao en Enxeñaría Aeroespacial	Empresa privada
1	Grao en Ciencias Ambientais	Centro Superior de Investigación
2	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Enxeñaría Informática	Empresa privada
1	Grao en Dereito	Administración Pública
1	Grao en Ciencias Ambientais	Empresa privada
2	Grao en Dereito	Empresa privada

Táboa 26. Tipoloxía das entidades de destino e titulación de orixe dos estudantes que participaron no programa de Prácticas en Empresas Emerxentes no curso 24-25.

Acción 4.4 Apoio na xestión das prácticas inversas de alumnado externo

Ao longo do curso 24/25 asináronse 31 convenios que permitiron a alumnado procedente de centros externos facer prácticas formativas en servizos e dependencias da Universidade de Vigo. Do total de convenios (coñecidos como convenios Inversos), o 70% (22 convenios) se asinaron con centros de educación da Xunta de Galicia, e os 9 restantes (30%) se asinaron con outras universidades españolas, como segue:

- Univ. International de Valencia-Viu (Valencian J International Univerity S.L.)
- Univ. de León
- Univ. de Les Illes Balears
- Univ. de Barcelona
- Univ. de País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea
- Univ. de Navarra
- Univ. de Lleida
- Univ. Europea de Madrid, Valencia e Canarias

A maiores, neste curso tamén se acolleu alumnado procedente da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia

Liña estratéxica 5: Emprendemento

Un dos obxectivos da Universidade de Vigo é fomentar a cultura emprendedora da súa comunidade. Non se trata unicamente de educar o estudantado para crear empresas, senón que cómpre ensinalle competencias emprendedoras que lle permita ter unha mellor versión de si mesmo. Con este fin, a través da Área de Emprego e Emprendemento, realizaranse distintas accións para favorecer o desenvolvemento persoal do alumnado e apoialo emocionalmente. Deste xeito, o estudantado disporá das ferramentas para poder madurar as súas ideas emprendedoras, crear novas realidades e poñelas ao servizo da sociedade.

O éxito de todas as accións de emprendemento desenvolvidas desde a Universidade de Vigo non se mide en función do número de empresas creadas polo estudantado, senón polo número de persoas que puideron crecer tras o seu paso por algunha destas iniciativas.

Como parte da Liña Estratéxica do fomento das competencias de emprendemento na comunidade universitaria, ao longo do curso académico 2024-25 desenvóléronse as seguintes accións:

- Acción 5.1 Programa INCUVI
- Acción 5.2 Servizo SUCED
- Acción 5.3 Innovación aberta
- Acción 5.4 Outras accións de emprendemento

Acción 5.1 Programa INCUVI

A Área de Emprego e Emprendemento fomenta a formación en competencias propias do auto-emprego do estudantado e das persoas tituladas pola Universidade de Vigo, principalmente a través da convocatoria de tres programas propios deseñados para facilitar o desenvolvemento de ideais de negocio: o **INCUVI-EMPREDE**, como programa de apoio a iniciativas empresariais na súa fase inicial, o **INCUVI-AVANZA**, programa deseñado para facilitar a consolidación dos proxectos máis viables entre aqueles que fixeron o seu paso polo programa INCUVI-EMPREDE e o **INCUVI-CONSOLIDA**, como programa de maduración e consolidación dun proxecto emprendedor beneficiario de INCUVI-AVANZA e que partiu no ano 2020 coa súa primeira edición.

O acto de entrega dos premios e recoñecemento das persoas beneficiarias dos programas INCUVI tivo lugar o 27 de marzo do 2025.

Mediateca

- Acto de entrega de premios: [Atlántico Diario](#) / [Faro de Vigo](#) / [Deputación de Pontevedra](#)
- VIDEO: [UVigoTV](#)

Os resultados acadados en cada un de estes programas se describen a continuación:

5.1.1. XIII edición do Programa INCUVE EMPRENDE.

INCUVI-Emprende é un programa de apoio ás ideas emprendedoras que xurdan entre o alumnado e persoas recentemente tituladas pola Universidade de Vigo co fin de fomentar o espírito emprendedor e impulsar as habilidades e competencias emprendedoras entre a comunidade universitaria.

A axuda consiste na formación e tutorización do equipo emprendedor durante un período de preincubación de 7 meses. Estas accións irán encamiñadas a elaborar un modelo de negocio das ideas presentadas.

O número máximo de proxectos seleccionados será 12. Poderán desenvolverse en calquera dos tres campus da Universidade de Vigo (Ourense, Pontevedra ou Vigo) e abranguer todos os ámbitos de coñecemento: tecnolóxico, científico, xurídico-social e humanidades.

Pódese consultar máis información relativa á publicación da convocatoria nas seguintes ligazóns: <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/empleabilidad/emprendimiento/programacion-incuvi>

Convocatoria 2024/2025: O prazo para inscribirse nesta convocatoria estivo aberto do 30 de xaneiro ao 17 de febreiro de 2025.



As tarefas realizadas polos compoñentes de cada un dos 9 proxectos seleccionados (ver Táboa 27). enfocáronse na aplicación práctica da materia impartida en cada unha das sesións formativas, de tal forma que os/as participantes puideron definir a seu traballo no seu proxecto, desenvolver a súa idea de negocio, aprender a testala e realizar un plan de negocio. Antes do remate do programa, consolidáronse dous proxectos.

Durante os meses de traballo conxunto, os participantes avanzaron cara á definición das súas ideas de negocio e á súa posible materialización. Ao final do período formativo, no mes de xullo do 2023, foron nove os proxectos que ou ben remataron o seu plan de empresa o seguían traballando co fin último de iniciar a súa actividade.

NOMBRE DEL PROYECTO		PARTICIPANTES	
		NOMBRE	APELLIDOS
1	DEFRENDS	Iago	de Francisco García
2	FONTOIRA	Iago	Fontoira Araújo
3	APEP ENERGYS	Isaías	Gil Rodríguez
4	THE COLD PACK	David	González Borges
5	XISTRA	Óscar	Hermida López
		Pablo	Magariños Docampo
		Adrián	Ferreiro García
		Alejandro	Sanz Fonta
6	OPTION LAB	Alejandro	Pérez Míguez
7	TERRAMAR	Antón	Puga Pazo
8	SEN CANCELAS	Breogán	Riobo Lois
		Jessica	Martín Serra
9	PADD	Pablo	Santos Carbó

Táboa 27. Listado dos 9 proxectos beneficiarios da XIII edición do programa INCUVI EMPRENDE

CALENDARIO. A formación e titorías realizadas foron programadas segundo o calendario que se amosa na Táboa 28, combinando sesións de vídeo-formación con sesións presenciais.

EQUIPO FORMADOR. O equipo formador da Fundación Ronsel estará formado polas seguintes persoas:

Luis García Deber. Emprendedor social con máis de 30 anos de experiencia, actualmente presidente de Youth Business Spain (YBS) e director xerente da Fundación Ronsel en Galicia. Especializado en mentoría, emprendemento xuvenil e autoemprego inclusivo (especialmente para persoas con discapacidade), lidera programas que contribuíron a consolidar milleiros de empregos e fortalecer redes de mentoring estatais. Profesor e conferenciante con experiencia en xestión, dirección de equipos e metodoloxías innovadoras para a creación de iniciativas empresariais.

Rafael Vázquez Cobas. Economista social con máis de 20 anos de experiencia orientado á inserción sociolaboral e fomento do emprego. Especializado en análise contable e xestión de microempresas, liderou e coordinou formacións como o Certificado de Profesionalidade en Creación e Xestión de Microempresas a través da Fundación Ronsel. Activo en programas de apoio e mentoría xuvenil vinculados a *Youth Business Spain* en Galicia.

María García Trincado. Docente, coach e mentora cunha ampla traxectoria no acompañamento de emprendedores e en iniciativas de emprego xuvenil. Diplomada en Ciencias Empresariais, formadora

en emprego e participante en programas como Explorer Lab, preincubación de Banco Santander e mentoring para autónomos da Xunta de Galicia. Técnica de emprendemento para a Fundación Ronsel na Coruña, formou parte do xurado dos Premios MOCE e promoveu o emprendemento feminino en foros rexionais.

Nati Cordero Gallego. Emprendedora e profesional con experiencia en visibilidade dixital, mentoría e programas de apoio ao autoemprego. Colabora con entidades como Youth Business Spain e proxectos de innovación social vinculados ao emprendemento.

Diana Peñas Sánchez. Técnica experta en emprendemento e docente especializada en márketing dixital e metodoloxías innovadoras para pemes. Impulsa proxectos en liña e ferramentas de empregabilidade, formando e titorizando en programas para o emprego xuvenil en Galicia, cun enfoque en habilidades dixitais e desenvolvemento profesional práctico.

Os CV das persoas formadoras están dispoñibles [nesta ligazón](#) como información adicional.

TALLERES (44 HORAS)		FECHAS	MODALIDAD	
1) Talleres vivenciales: foco en la persona (12 horas)			Vídeo F	Presenc
a. Canvas personal (2h)		03/04 (16.00-18.00)	X	
b. Competencias emprendedoras (10h)		08/04 (16.00-18.00) 10/04 (09.30-13.30) 24/04 (09.30-13.30)	X	X X
2) Talleres colaborativos: foco en la Idea (12 horas)			Vídeo F	Presenc
a. Maduración de la Idea de Negocio (2h)		29/04 (16.00-18.00)	X	
b. Metodología Lean BMC (6h)		06/05 (16.00-18.00) 08/05 (09.30-13.30)	X	X
c. Taller Producto Mínimo Viable (4h)		15/05 (09.30-13.30)		X
3) Talleres preparatorios: foco en el negocio (20 horas)			Vídeo F	Presenc
a. Plan Circular de Negocio (6h)		20/05 (16.00-18.00) 22/05 (09.30-13.30)	X	X
b. Las 5 uves de la Viabilidad (6h)		27/05 (16.00-18.00) 29/05 (09.30-13.30)	X	X
c. Hagamos una presentación efectiva (4h)		05/06 (09.30-13.30)		X
a. Ensayo de presentaciones II (2h)		12/06 (09.30-13.30)	X	
b. Demo Day (2 h)		Pont-Up Store 2025		X

TUTORÍAS			FECHA	MODALIDAD
Horas totales	Número de equipos	Horas/equipo	Mayo - Julio	Video formación
96	12	8	Cada equipo acordará el calendario de mutuo acuerdo con su tutor/a asignado/a	

Táboa 28. Calendario formativo da XIII edición do programa INCUVI EMPRENDE

Resultados das enquisas de satisfacción. Ao fin dos 10 obradoiros formativos, os/as participantes no programa contestaron unha enquisa. Atendendo ao grado de satisfacción co programa, a puntuación promedio obtida nos obradoiros foi de 4,24 sobre 5 (Fig. 5) . Ao igual que as acadadas en anos

anteriores, estas puntuacións poñen en evidencia o bo funcionamento e utilidade do programa aos beneficiarios do mesmo.




FIGURA 5. Puntuación promedio acadada nos 10 obradoiros que se impartiron como parte do programa INCUVI-EMPRENDE

5.1.2. IX edición de INCUVI-AVANZA.

A través dunha convocatoria de axudas e do patrocinio de entidades colaboradoras, a AEE proporciona un servizo de asesoramento personalizado, unha axuda económica para subvencionar custes relacionados coa constitución como empresa, así como un espazo de traballo durante 8 meses.

Co fin de contribuír á aceleración dos proxectos dende a Coordinación do programa, asínaselle a BluBusiness-IBD, SL, levar a cabo as seguintes tarefas:

- Facilitar a formación en dúas áreas concretas, planificación económico-financeira (10h) e *marketing* (10h)
- Asesorar aos emprendedores ó longo dun período de 6 (febreiro- xullo 2023) (12 h por proxecto).

A tarefa de BluBusiness, neste primeiro trimestre do programa, foi planificar unha folla de ruta de cada un dos proxectos de cara aos próximos meses xa que cada un deles está nunha fase diferente e require un asesoramento axeitado e atendendo as súas propias características.

Tamén, como un dos eidos de traballo dentro do programa e como parte do premio acadado, identificáronse as áreas formativas preferentes por parte dos proxectos, sendo estas a planificación económica e financeira e as formas corporativas e os aspectos legais, fiscais, laborais e económicas que caracteriza a cada unha delas, propiedade industrial e intelectual, entre outras.

Ao mesmo tempo, BluBusiness informou de todo os eventos, cursos, xornadas que poideran ser de interese para os promotores e os seus proxecto.



Os 4 proxectos seleccionados aos que se lles facilitou a formación e mentorización dende marzo de 2025 (mes de inicio do programa) ata xullo do 2025 son os que se amosan na TÁBOA 29:

PROYECTO	EQUIPO EMPRENDEDOR
TOLA, Natural Energy Drinks	Ana Pérez Vázquez
	Paula Barciela Álvarez
NET	Juan Mateo Núñez Marquisio
KREALT	Luca Riego Costas
	Pablo Dorrió Vázquez
	Paulo Emilio Sánchez Blázquez
CERTYCHAIN	Sara Chao Tizón
	Diégo Stéphan Jeandon Rodríguez
	Alejandro Rial Pinto
	Manuel Mateo Delgado-Gambino López

Táboa 29. Listado dos 4 proxectos beneficiarios da IX edición do programa INCUVI AVANZA

Os promotores en xeral estiveron moi implicados na maduración das súas ideas de negocio e todos teñen unha folla de ruta de cara os próximos meses nos que esperamos avanzar máis.

Para aqueles proxectos que foron seleccionados para participar noutros programas de emprendemento como a BFFood, Vía Galicia, etc., BluBusiness estase a adaptar as necesidades dos promotores e a oferta formativa por parte dos outros programas de cara a non duplicar as actividades

e así reforzar outras. Do mesmo xeito, estase a mentorizar e asesorar a os promotores paralelamente nas áreas de traballo que van afrontando en ditos programas para reforzar e axudar a acadar os obxectivos fixados.

5.1.3. *V edición de INCUVI-CONSOLIDA.*

A axuda deste programa consiste nunha axuda en forma de mentorización e nunha achega económica para facer fronte a custos derivados da consolidación do proxecto emprendedor. O obxectivo do programa INCUVI-Consolida é a consolidación de proxectos emprendedores viables, nados ou desenvoltos total o parcialmente na Universidade de Vigo. Co fin de contribuír á consolidación do proxecto desde a Coordinación do programa, asínaselle a empresa BluBusiness-IBD, SL, levar a cabo as tarefas de formación e mentorización do proxecto.



O proxecto seleccionado ao que se lle facilitou formación e mentorización dende marzo de 2025 (mes de inicio do programa) ata o momento actual, foi **TecnificaT**, proxecto promovido polo emprendedor, Juanjo Rodríguez Castro.

TecnificaT é unha Asociación deportiva sen fins de lucro, cuxo modelo de negocio baséase no deseño e execución de accións formativas deportivas no ámbito do fútbol a rapaces, onde trátase de transmitir valores aplicables no resto de ámbitos da vida dos alumnos.

5.1.4. *Demo-Day INCUVI.*

A exposición dos proxectos de emprendemento participantes nos programas INCUVI ao longo do ano se organizou o día 21 de setembro no marco da Pont-Up Store (apartado 5.4.2). O evento foi presentado por Natalia Caparrini, Vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade, e Maruxa Álvarez, Directora da Área de Emprego e Emprendemento. Durante a sesión, levouse a cabo a defensa dos proxectos INCUVI emprende, avanza e consolida, coa participación dos membros dos equipos promotores e representantes das entidades colaboradoras.



Acción 5.2 Servizo SUCEDe

O Servizo universitario de Creación de Empresas do Estudiantado (SUCEDe), persegue asesorar iniciativas de negocio promovidas polo estudiantado e polos usuarios da comunidade Alumni-UVigo.

Ao longo do O Servizo universitario de Creación de Empresas do Estudiantado (SUCEDe), persegue asesorar iniciativas de negocio promovidas polo estudiantado e polos usuarios da comunidade Alumni-UVigo. Máis información deste servizo [AQUÍ](#)

No curso 24/25 -25 o servizo prestado en SUCEDe estivo externalizado nun profesional externo, Pablo Osorio, quen leva colaborando no mesmo dende os seus inicios.

SUCEDe



Pablo Osorio. International MBA do Instituto de Empresa e Licenciado en Ciencias Políticas, experto en emprendemento, design thinking, modelo de negocio, estratexia, márketing e comunicación. Posúe unha traxectoria profesional de máis de 20 anos en consultoría estratéxica e márketing, ademais dunha importante experiencia profesional nestes ámbitos. Tamén é formador en SUCEDe, INCUVI, Fundación Ronsel, Fundación Roberto Rivas, USC, UVigo, ACH, Ayuda en Acción, e Formavigo, entre outras

5. 2.1. Resultados do curso académico 2024-25

Neste curso solicitaron o uso do servizo SUCEDÉ oito persoas/ proxectos (Táboa 30), e en total se realizaron 14 encontros de asesoramento. Do total de persoas que fixeron uso deste servizo, un 60% foron mulleres.

Amunia	Venta online a particulares de 3 produtos: jabones, velas y mermeladas propias
-	Educación patrimonial
SUMA	Centro de nutrición, fisioterapia y apoyo psicológico
-	Divulgación científica
I&M Live Session	Promueve músicos locales
The cold pack	Frío químico en bolsas para deportistas
Wellbeing	Bienestar en Salud mental y física orientado a las empresas y sus trabajadores
-	Formación ambiental

Táboa 30. Listado dos Proxectos que atenderon do Servizo SUCEDÉ no curso

Acción 5.3. Innovación aberta: programa Colmea de Ideas

O programa Colmea de Ideas naceu no ano 2021 cun dobre obxectivo, por un lado canalizar desafíos que empresas e institucións propoñan a contorna universitaria e por outro facilitar que o alumnado desenvolva proxectos que ofrezan solucións innovadoras aos retos que plantean as entidades externas participantes. Mais info do programa [AQUI](#)



A Cuarta Edición de Colmea de estrenou no curso 25/25 unha plataforma para facilitar a conexión entre estudantes e empresas para axilizar o proceso e facilitar a interconexión entre ambas partes. Ademais, a mediados do curso se incluíu una nova ferramenta para permitir o acceso ao profesorado.

A plataforma conta con 345 estudantes inscritos e 57 entidades rexistradas en busca de axuda do alumnado universitario para resolver 41 retos reais presentados polas distintas entidades e aos que o alumnado poida dar resposta a través dos seus traballos fin de estudo, ben sexa traballos fin de grao (TFG) ou traballos fin de mestrado (TFM).

Mediateca:

- [Diario da Universidade de Vigo \(DUVI\)](#)

- [Faro de Vigo](#)

- [Atlantico](#)

Acción 5.4. Participación noutros programas de emprendemento

5.4.1. Encontro Internacional de Xoves Emprendedores (EIJE 2025)

O Encontro Internacional de Mozos Emprendedores (EIJE) é un proxecto colaborativo que se xestou no ano 2014 por iniciativa da Escola Superior de Ciencias Empresariais (ESCE) do Instituto Superior Politécnico de Viana do Castelo (IPVC) e a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela. O principal obxectivo do EIJE é contribuír á formación do alumnado participante, permitindo que adquiran competencias e coñecementos relacionados co mundo empresarial. En cada encontro abórdanse temas relacionados coa innovación e o emprendemento, onde o alumnado desenvolve e potencia as súas habilidades e tamén presenta os seus proxectos empresariais.

DESTINATARIOS: O evento está dirixido principalmente a estudantes e graduados de Institucións de Educación Superior do norte de España e norte de Portugal.

Este ano, o EIJE celebrouse os días 9 e 10 de abril do 2025 en COIMBRA. Mais INFO aquí: <https://eije2025.iscac.pt/>

En representación a Universidade de Vigo acudiron 6 proxectos, todos eles liderados por estudantado ou recen titulados da UVIGO. En total asistiron un total de 13 emprendedores/as, 2 docentes, e dous profesionais en calidade de xurado, tal e como ditan as bases do concurso.

Esta acción persegue potenciar o espírito emprendedor do alumnado e afianzar as sinerxías con institucións do norte de Portugal, e xustifícase o seu desenvolvemento no marco das liñas de actuación da Área de Emprego e Emprendemento en materia de mobilidade transfronteiriza.

Dos dous proxectos presentados nesta convocatoria resultaron os gañadores das iniciativas españolas na modalidade de PROXECTOS e de IDEAS: Tola Energy Drinks e GreenEat, respectivamente





5.4.2 Participación na Pont-up store.

Pont-Up Store é un espazo de emprendemento que naceu no ano 2014 en Pontevedra co obxectivo de impulsar e apoiar ao novo emprendemento e a innovación no noroeste peninsular e especialmente en Galicia. A AEE participou na feira os días 20 e 21 de setembro do 2024 cun *stand* propio e no que asistiron distintos proxectos da XII edición do programa INCUVI EMPRENDE.

A maiores, 3 proxectos da UVIGO participaron con un *stand* propio: CERTYCHAIN, KREALT e SOCIOCULTURAL



CERTYCHAIN



KREALT



LA SOCIOCULTURAL



Entrega de premios a traballos de fin de estudos e teses Doutorais en emprendemento desenvolvidos na universidade de vigo

Dende a Área de Emprego e Emprendemento se organizou, no marco da PONT-UP a entrega dos premios da I Convocatoria de Traballos de Fin de Grao, Traballos de Fin de Mestrado e Teses de Doutoramento en temáticas relacionadas co emprendemento. O acto foi presentado pola Vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade, Natalia Caparrini, , e contou coa participación dos finalistas e a entidade patrocinadora, a Xunta de Galicia.



Colaboración en outras iniciativas externas de emprendemento

- **Xurado dos Premios MOCE-Paideia:** A Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia, Fundación Ronsel e BBVA celebraron o pasado 18 de novembro a entrega dos XIII Premios MOCE, creados pola Fundación Ronsel para recoñecer o traballo de autónomos e micros galegos. -empresas, ás que acompaña e apoia nos seus procesos emprendedores. Por tercer ano consecutivo, a Universidade de Vigo, representada pola directora da Área de Emprendemento, Maruxa Álvarez, formou parte do xurado, composto por representantes de 10 entidades públicas e privadas vinculadas ao fomento do emprendemento. O acto de entrega destes Premios celebrouse na Fundación Paideia da Coruña.
- **Xurado dos Premios ao EMPRENDEMENTO RURAL INNOVADOR do I FORO DE EMPRENDEMENTO NO RURAL:** O 13 de decembro celebrouse a entrega dos Premios ao Emprendemento Rural Innovador, recoñecendo as iniciativas máis destacadas polo seu carácter innovador, sustentábel e polo seu impacto no territorio rural. A Universidade de Vigo, representada pola directora da Área de Emprendemento, Maruxa Álvarez, formou parte do xurado. O premio principal foi outorgado ao proxecto “Agrolinera” que recibiu un premio en metálico de 10.000 euros patrocinado pola Fundación Roberto Rivas, que tamén outorgou a Mención “Fixación de poboación no rural” valorada en 1.000 € á Asociación de Veciños de Puxedo.
- **Xurado do comité de Avaliación do Primeiro Premio Nacional Rede Eléctrica España Creativa 2025,** no marco do I Encontro Nacional de Emprendedores Creativos celebrado na Ribeira Sacra. A entrega do premio tuvo lugar no Hotel Cardenal de Monforte de Lemos, durante a gala oficial do Encontro Nacional España Creativa que tivo lugar o 28 de xuño, co apoio da Xunta de Galicia, Deputación de Lugo, Ministerio de Cultura e concellos da Ribeira Sacra.

ENCUENTRO NACIONAL RIBEIRA SACRA DE EMPRENDEDORES CREATIVOS
Y CREACIÓN DE ECOSISTEMAS SOSTENIBLES – DEL 26 AL 29 JUNIO 2025

PREMIOS
red eléctrica

Jurado
www.espanacreativa.es

Belén Elisa Díaz
Drª. Economía Creativa.
Titular Cátedra UNESCO

Fidel Rodríguez
Delegado Red Eléctrica

José Ángel Zúñiga
Catedrático Organización de
Empresas - URJC

Ana Conde
Profª. Organización de
Empresas URJC

Loreto Fernández
Profª. Titular Finanzas y
Contabilidad. USC

Maruxa Álvarez
Profª. Coordinadora
Emprendimiento UVigo

Liña estratéxica 6. Accións de empregabilidade transfronteiriza

A Universidade de Vigo foi beneficiaria por cuarto bienio consecutivo dun proxecto da Comisión Europea para a financiación de las actividades de mellora da empregabilidade transfronteiriza. No curso 2024-2025 as actividades estaban enmarcadas no Proxecto EURES-T G-NP 2024-2025.

Neste proxecto, a UVIGO participa con outras 10 entidades socias de Galicia e norte de Portugal, como seguen;

- CONSELLERIA DE PROMOCION DO EMPREGO E IGUALDADE-XUNTA DE GALICIA(CPEI-XdG)
- INSTITUTO DO EMPREGO E FORMACAO PROFISSIONAL (IEFP, I.P)
- CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE GALICIA (CEG)
- ASSOCIACAO EMPRESARIAL DE PORTUGAL (AEP)
- ACISAT ASSOCIACAO EMPRESARIAL DO ALTO TAMEGA (ACISAT)
- ASSOCIACAO EMPRESARIAL DE VIANA DO CASTELO (AEVC)
- CONFEDERACAO EMPRESARIAL DO ALTO MINHO (CEVAL)
- COMUNIDADE INTERMUNICIPAL DO ALTO MINHO (CIM ALTO MINHO), PIC
- AGRUPACION EUROPEA DE COOPERACION TERRITORIAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL (AECT GNP)
- UNIAO GERAL DE TRABALHADORES

As accións nas que participa a UVigo se recollen en 3 paquetes de traballo:

Paquete de traballo 2. Actividades de axuste oferta/demanda de emprego

- VIDEOCURRICULUM / VIDEOTALENTUM (ver apartado 3.1.3)

Paquete de traballo 3. Información específica para colectivo universitario

- CAMPAÑAS EN RRSS. O obxectivo desta acción foi promover a mobilidade transfronteiriza, dar a coñecer os servizos EURES e as actividades que a UVigo organiza dentro do consorcio (ver apartado 8.1.2)

Paquete de traballo 5. Incorporación no mercado transfronteirizo en etapas formativas universitarias

- PROGRAMA DE AXUDAS ALÉN DO MIÑO (ver apartado 4.3.5)
- EIJE - ENCONTRO INTERNACIONAL DE MOZOS EMPRENDEDORES (ver apartado 5.4.1)

Liña estratéxica 7. Programa Alumni-UVigo

En febreiro do 2021 a Universidade de Vigo puxo en marcha o servizo da comunidade Alumni-UVigo co obxectivo de fomentar o establecemento de vínculos sociais e a cooperación entre os/as egresados/as da UVigo, de tal maneira que poidan manter una conexión permanente coa institución e os seus fins ao longo de toda a súa vida profesional.

Entre as vantaxes que teñen os usuarios desta comunidade está o acceso a servizos da Universidade de Vigo con tarifas o descontos especiais, e que aparecen reflexadas no seu orzamento, como seguen:

- Escola Aberta de Formación Permanente
- Instalacións y Actividades deportivas
- Actividades Culturais
- Acceso a los recursos de bibliotecas
- Centro de Linguas
- Ofertas de Emprego
- Formación para o Emprego
- Servizo SUCEDe de apoio ao emprendemento

Mais información: <https://alumni.webs.uvigo.es/>

As accións levadas a cabo ao longo do curso académico 2024-2025 como parte desta liña estratéxica foron as seguintes:

- Acción 7.1 Captación de usuarios
- Acción 7.2 Convocatoria de Premios Alumni Uvigo 2024
- Acción 7.3 Convocatoria do programa de *Mentoring* Alumni-Uvigo 2024
- Acción 7.4 IV Encontro Alumni-UVigo

Perfil de usuarios/as e evolución

Ao longo do curso 2024/25 a Comunidade Alumni-UVigo rexistrou 554 novos usuarios. Este número é similar aos obtidos en anos anteriores o que reflicta un mantemento no número de rexistros que se producen en cada curso (Táboa 31). En total, a comunidade conta con 2784 usuarios/as.

Curso académico	Novos rexistros
21/22	927
22/23	614
23/24	689
25/26	554

Táboa 31. Evolución do número de novos usuarios rexistrados na comunidade Alumni

A meirande parte das persoas usuarias son tituladas pola UVIGO (93%) e residen en España (95%), habendo usuarios residindo noutros países de Europa (3%) e noutras partes do mundo. Entre o resto dos colectivos, un 6% das persoas usuarias son PDI -non titulados- da UVIGO. Os rangos de idade pódense ver na Táboa 32, tendo unha maioría dos usuarios entre 20-40 anos.

ANO DE NACEMENTO	
<1970	7%
1970-1980	26%
1980-1990	27%
1990-2000	35%
>2000	4%

Táboa 32. Análise do rango de idade actual de usuarios da comunidade Alumni

Acción 7.1 Captación de usuarios/as

Ao longo do curso 2024-25, dende a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade se promocionou a comunidade naqueles actos onde podían coincidir persoas egresadas pola UVIGO. Fíxose especial mención da existencia da comunidade nos actos de gradación das titulacións da UVIGO.

Unha vez rexistrados, as persoas usuarias da comunidade reciben correos periódicos sobre novidades de formación e emprego, o cal favorecen a súa fidelización e sentido de pertenza.

Acción 7.2 Convocatoria de Premios Alumni Uvigo 2025

O obxectivo principal de Alumni-UVigo é fomentar o establecemento de vínculos sociais e a cooperación entre as persoas egresadas da Universidade de Vigo, de tal maneira que manteñan unha conexión permanente coa institución e cos seus fins ao longo de toda a súa vida profesional e persoal.

Co fin de fomentar a participación neste proxecto e para o desenvolvemento dos seus fins, Alumni-UVigo convocou no mes de maio do ano 2025 a cuarta edición dos Premios Alumni-UVigo.

O obxecto destes premios foi promover a excelencia e recoñecer o labor persoal e profesional das persoas usuarias da comunidade Alumni-UVigo que destaquen por unha traxectoria que achegue valor e teña unha clara vontade de inducir cambios na sociedade. Igualmente, con estes premios preténdese incentivar a relación da Universidade de Vigo co seu antigo alumnado, e reforzar o sentimento de pertenza á institución, contribuíndo activamente ao subdesenvolvemento e á proxección social.

Establecéronse 5 categorías de premios: Investigación, Impacto Social, Humanidades, Traxectoria Profesional e Emprendemento.

O xurado seleccionou a cinco finalistas para cada modalidade de entre preto de 100 candidaturas presentadas para as 5 categorías existentes. Foron os propios membros da comunidade Alumni, mediante votación popular, os encargados de decantar a balanza e elixir de entre as tres persoas finalistas o gañador ou gañadora de cada modalidade. En total, nesta última fase das votacións públicas, realizadas entre o 30 de maio e o 10 de xuño, emitíronse máis de 500 votos. As persoas que resultaron gañadoras de cada modalidade de premios déronse a coñecer no Encontro anual da Comunidade Alumni-UVigo celebrado o 7 de xullo (ver apartado seguinte).

Durante a cerimonia de entrega de premios, celebrada no edificio Redeiras, tamén foron entregados galardóns honoríficos pola súa contribución á Universidade e aos seus valores ao director da planta de Stellantis en Vigo, José Luis Alonso, a Alberto Estévez, vinculado a Amnistía Internacional dende hai máis de 25 anos, e a Marián Mouriño, presidenta do RC Celta, que non puido recollelo por se atopar nun acto oficial do club.



Categoría de emprendemento: aspirante máis votado foi Samuel López, socio fundador de Néboda Farms, unha iniciativa de agricultura vertical de interior pioneira en Galicia que aplica a hidroponía á produción de alimentos de xeito eficiente e respectuoso.

Categoría de Humanidades. O premio o recibiu a artista contemporánea Marta Verde, especializada en arte multimedia e programación creativa e profesora no prestixioso Berklee College of Music.

Categoría Impacto Social. O premio foi para Sonia Ramos, enxeñeira experta en enerxías renovables que leva máis de 20 anos desenvolvendo proxectos de fotovoltáica en España e en zonas rurais de África en colaboración con ONGs, universidades e organismos Internacionais.

Categoría Investigación. A directora do IEO a nivel estatal dende o pasado marzo, Rosa Figueroa, graduada en Ciencias do Mar pola UVigo, recibiu o Premio Alumni de Investigación, que recolleu no seu nome Montse Pérez, xefa de Acuicultura do Centro Oceanográfico de Vigo.

Categoría Traxectoria Profesional. Este premio foi para Alexandra Seara, xerente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra e que desempeñou un papel clave na proxección desta comarca como destino sostible.



Mediateca:

- Consello Social / [Faro de Vigo](#) / [Boletín IEO](#) / [UVigo-TV](#)

Acción 7.3 Celebración do IV Encontro Anual Alumni Uvigo

O día 7 de xullo organizouse a cuarta edición do Encontro Alumni-UVigo, no cal se deron a coñecer as persoas galardoadas co premio Alumni-Uvigo 2025. Tras o acto, premiados e asistentes gozaron dunha festa final na praza de O Berbés, un encontro lúdico para establecer e reforzar vencellos e no que non faltou a música nin a boa comida.



Acción 7.4 Convocatoria do programa de Mentoring Alumni Uvigo 2024

O programa de mentorías da Universidade de Vigo naceu no curso 23/24 co obxectivo de que as persoas tituladas e o estudantado dos últimos cursos de grao, mestrado e doutoramento poidan mellorar as súas habilidades para a empregabilidade a través do asesoramento e consellos dun ou dunha profesional en exercicio da súa mesma área de coñecemento.

As persoas mentoras son membros da comunidade Alumni-Uvigo con experiencia nun determinado sector e que de xeito altruísta dediquen unha parte do seu tempo a compartir a súa experiencia profesional, apoio, motivación e crítica construtiva co obxectivo de melloras a inserción laboral do estudantado e dos titulados e tituladas da Uvigo no seu percorrido á incorporación ao mercado laboral.

O obxectivo final é mellorar a inserción laboral das persoas participantes neste programa.

Seminario de inicio do programa. - O día 26 de marzo e para dar a benvida e explicar a orixe e finalidade do programa e establecer as pautas básicas para as sesións de mentorías organizouse unha sesión informativa *on line* para todas as persoas participantes no programa a cargo de Maruxa Álvarez, Directora da Área de Emprego e Emprendemento da Uvigo.

Datos. Na segunda edición do programa (curso 2024-2025) participaron no rol de mentor no Programa 69 usuarios da comunidade Alumni-UVigo e o número total de estudantes ou recén egresados/as mentorizadas foi de 43. Atendendo a experiencia profesional dos/as mentores/as rexistradas e a titulación das persoas que solicitaron o servizo, no programa participaron un total de 41 mentores e mentoras.

A mentorización foi maioritariamente no ámbito das Ciencias sociais e xurídicas (53.5%) seguida das enxeñarías (23.3%) e en menor medida nas Artes e Humanidades e Ciencias (2.3%) (Táboa 33).

RAMA DE COÑECEMENTO	Nº estudantes/persoas tituladas	%
Ciencias Sociais e Xurídicas	23	53.5
Enxeñerías	10	23.3
Artes e Humanidades	1	2.3
Ciencias	9	20.9
Ciencias da saúde	0	0
TOTAL	43	100

Táboa 33.. Procedencia do estudantado e das persoas recién egresadas que participaron no programa de Mentoring Alumni-UVigo durante o curso académico 24-25.

8. Accións transversais nas que participou a AEE

Ademais das sete liñas de traballo, dende a Área de Emprego e Emprendemento se promove, organiza e se participa en varios programas transversais.

8.1.1. Difusión dos servizos da AEE nos centros

Ao fin de dar a coñecer as liñas estratéxicas de actuación da AEE, durante o curso académico 2024-2025 organizáronse distintas actividades, principalmente orientadas a orientación profesional do estudantado.

Na Táboa 34 pódense ver as presentacións da Área de Emprego e Emprendemento en xornadas de acollida e de orientación profesional que se organizaron en distintos centros da universidade.

Centro	Grao /Destinatario	Xornada	Campus	Data	Relatorio /Obradoiro
Todos os centros	O estudantado de recente acceso á Uvigo	Benvida	Ourense	04/09/24	Presentación, mediante <i>stand</i> , dos servizos que presta a AEE
Todos os centros	O estudantado de recente acceso á Uvigo	Benvida	Pontevedra	05/09/24	Presentación, mediante <i>stand</i> , dos servizos que presta a AEE
Todos os centros	O estudantado de recente acceso á Uvigo	Benvida	Vigo	06/09/24	Presentación, mediante <i>stand</i> , dos servizos que presta a AEE
Fac. de Dereito	Grao Dereito e o PECO (Dereito-ADE)	Acollida	Ourense	09/09/24	Relatorio sobre os servizos que presta a AEE
Fac. de Dereito	Mestrado universitario en Avogacía	Acollida	Ourense	14/10/24	Relatorio sobre prácticas, ofertas de emprego e emprendemento

Táboa 34. Localización dalgunha das charlas de información dos servizos da AEE impartidas polo seu persoal a ao longo do curso académico 24-25

8.1.2. Colaboración no programa XUVENTUDE-MENTORING

A UVIGO firmou un convenio de colaboración co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG) para a posta en marcha do programa integral de formación e Mentoring destinado ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (Xuventude Mentoring), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, Programa Operativo de Emprego Xuvenil.

Para a consecución dos obxectivos previstos no convenio, desde a AEE colaboramos na implementación dos seguintes servizos do programa:

- a) Difusión do programa entre as persoas recién tituladas
- b) Apoio á redacción da convocatoria de selección persoas titoras e das persoas participantes
- c) Colaboración na elaboración dos contidos mínimos do programa integral de mentoring así como as súas fases de execución
- d) Facilitar o contacto con docentes e de ser o caso as aulas para desenvolver habilidades e competencias nos participantes adaptadas ás necesidades das empresas.
- e) Apoio e coordinación cas persoas que actúan como mentores/as do programa.
- f) Participación no equipo de seguimento e coordinación coas outras dúas universidades públicas galegas e o persoal del CIXUG para a concreción e fixación de criterios e pautas homoxéneas ao longo de todo o Programa no relativo ao seguimento da actividade do equipo titor;
- g) Participación nas reunións de seguimento co CIXUG, a Consellería de Política Social e outras dúas universidades públicas galegas para a realización da monitorización do Programa;
- h) Axuda na definición do guión metodolóxico e aspectos a tratar pola parte do equipo titor con las persoas solicitantes para dar por cerrado el proceso como persoas finalmente beneficiarias do Programa;
- i) Definición, xunto co resto do persoal das outras dúas universidades e do CIXUG , da metodoloxía de traballo do equipo titor na súa actividade de seguimento e interacción coas persoas beneficiarias;
- j) Apoio loxístico e de coordinación para a celebración das xornadas de Networking celebradas na Universidade de Vigo:
 - O emprego nos servizos sociais.
 - Necesidades actuais de recursos humanos nas empresas

Este programa desenvolveuse dende o 2 de xullo ata o 30 de novembro de 2024.

8.1.2. Comunicación

Comunidade de Whatsapp (**NOVIDADE**)

A finais do curso 2024/25 puxemos en funcionamento unha comunidade de Whatsapp[®] para poder difundir as accións que organizamos dende a AEE e outras iniciativas relevantes para favorecer a desenvolvemento persoal e a empregabilidade do alumnado da UVIGO. A comunidade EMPREGarte Uvigo conta a día de hoxe con 498 membros.

Envío de NEWSLETTERS (NOVIDADE)

Dende o inicio do curso 2024/25 comenzamos a enviar boletíns de novas a través do listado de alumnado dos últimos curso, así como aos de mestrado e doutoramento. Os boletíns envíanse quincenalmente. Nestos boletíns recolleemos un resumo das ofertas de traballo, formacións, premios e outras accións de interese para o alumnado.

Redes sociais



Emprego e Emprendemento #UVigo



Universidade de Vigo - Área de Empleo e Emprendemento



areaemprego



Emprego e Emprendemento - UVigo

8.1.2.1. Resultados do curso académico 2024-25

Seguidores

18.76K
+13.04%



Universidade de Vigo - Área de Empleo e Emprendemento

5889
+0.43%


Facebook

4435
+20.35%

Instagram

8436
+19.71%

LinkedIn



Impresiones

919.36K
+12.56%



Universidade de Vigo - Área de Empleo e Emprendemento

84.60K

-48.83%

Facebook

654K


+53.40%

Instagram

180.77K

-19.70%

LinkedIn



Interacciones

24.60K
-35.05%



Universidade de Vigo - Área de Empleo e Emprendemento

2511

-51.79%

Facebook

3059


-42.17%

Instagram

19.03K



-30.48%

LinkedIn



Publicacións

Universidade de Vigo - Área de Emprego e Emprendemento



Ranking de posts

Universidade de Vigo - Área de Emprego e Emprendemento

Mostrando 20 publicacións ordenadas por impresiones

Publicado	Texto	Impresiones	Interaccións
Feb 14, 2025 09:31	 Últimos 3 días! 📌 ¿Tens unha idea? Pois é hora de darlle @ vida! Presenta o teu proxecto aos premi...	11.88k	65
Mar 13, 2025 09:20	 Queres conectar en persoa con empresas que buscan o teu talento? Non perdas a Feira de Emprego InCam...	8154	99
Mar 09, 2025 10:19	 Nova onda de oportunidades no portal de emprego da @universidadevigo... e proximamente máis ofert...	7121	114
May 23, 2025 00:56	 ¿Queres vivir unha experiencia única en Xapón? Hai 15 prazas para un intercambio xuvenil en Waka...	6660	556
Feb 08, 2025 09:11	 «» Comezamos febreiro con novas oportunidades! 📄 Publicamos aquí 9 novas ofertas de emprego na Área...	6106	107
May 23, 2025 00:56	 ¿Queres vivir unha experiencia única en Xapón? Hai 15 prazas para un intercambio xuvenil en Waka...	5096	251

Ranking de campañas


Universidade de Vigo - Área de Empleo e Emprendemento

Mostrando 4 campañas ordenadas por impresiones

Actualizado	Campaña		Impresiones	Clics	CPM	CPC	Gasto
Mar 08, 2025 18:46	INCUIVI 2025 OUTCOME_TRAFFIC	∞	160.04k	132	0.53	0.64	85.13
Apr 04, 2025 11:33	InCampus 2025 OUTCOME_AWARENESS	∞	70.65k	57	0.52	0.64	36.6
Feb 05, 2025 09:02	Oferta AEE - Tráfico Instagram OUTCOME_TRAFFIC	∞	37.52k	181	1.36	0.28	50.99
Mar 24, 2025 09:58	InCampus 2025 - Copia OUTCOME_ENGAGEMENT	∞	3211	12	0.96	0.26	3.07



Crecimiento da comunidade

Universidade de Vigo - Área de Empleo e Emprendemento



Publicacións vistas durante o período

f Universidade de Vigo - Área de Empleo e Emprendemento



Demografía: países e cidades

 Universidade de Vigo - Área de Emprego e Emprendemento

Top 10 países

Spain	91.71%
Portugal	1.55%
United Kingdom	0.97%
Brazil	0.62%
Germany	0.57%
United States	0.42%
Peru	0.38%
Mexico	0.37%
France	0.33%
Belgium	0.26%

Top 10 cidades

Vigo	28.46%
Orense	8.00%
Pontevedra	6.08%
A Coruña	3.60%
Madrid	3.21%
Santiago de Compostela	2.94%
Cangas	1.55%
Lugo	1.39%
Redondela	1.06%
Nigrán	0.95%